

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 29 de marzo de 2007**

Orde do Día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que se celebrará o vindeiro xoves, día 29 de marzo de 2007, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior, nº 2/07, celebrada o día 22 de febreiro.
- 2.- Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 1.544 á nº 3.679.

Economía, Facenda e Especial de Contas

- 3.- Aceptación da ampliación de delegación de competencias tributarias do Concello da Baña.
- 4.- Dar conta da conta integrada da xestión recadataria relativa ao exercicio 2006.
- 5.- Dar conta da liquidación do orzamento do exercicio 2006.
- 6.- Expediente de modificación de crédito nº 1/07 de aprobación polo Pleno e modificación da base 48ª das de execución do orzamento 2007.

Cooperación e Asistencia a Concellos

- 7.- Aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Cooperación Provincial 2007.
- 8.- Aprobación da solicitude de subvención ao Ministerio de Administracións Públicas dentro da liña de proxectos de modernización administrativa local da anualidade 2007, que se integra no Plan de modernización 2007.
- 9.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Melloras en pavimentos da praza Agra da Ribeira e outras” do Concello de Corcubión, incluída no POS 2006, (código 06.2100.0112.0).
- 10.- Aprobación do proxecto reformado da obra “Depuración e saneamento en San Xián de Sales” do Concello de Vedra, incluída no Programa operativo local (POL) 2005 (código 05.2300.0184.0).
- 11.- Modificación do cadro de actuacións da primeira anualidade e aprobación de actuacións de Segunda Anualidade do Plan Piloto de Mellora da Calidade Turística de Portodemouros

12.- Modificación dos importes das actuacións da primeira anualidade do Plan de Dinamización de Produto Turístico Ferrol-Ortegal

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

13.-Aprobación da modificación por cambio de situación do proxecto técnico da obra “Construción de local social en Romarís” do Concello de Negreira, incluída no Plan de investimentos locais (PIL) 2005. Código 05.3200.0148.0.

14.- Aprobación de modificación do proxecto da obra “Remodelación do parque Rosalía de Castro” do Concello de Noia, incluída no Plan de investimentos locais (PIL) 2005, código 05.3200.0149.0.

15.- Aprobación inicial do expediente de cesión de uso ao Concello de Arteixo da parcela 33-B do Polígono de Sabón para a súa posta a disposición da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria para a construción dun centro de educación infantil e primaria.

16.- Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e ADACECO, Asociación de dano cerebral da Coruña, coa finalidade de doar un vehículo para transporte de persoas con deficiencias físicas e psíquicas.

17.- Aprobación definitiva do expediente de alteración da cualificación xurídica dos terreos e do edificio denominado “Prisma de Cristal” e aprobación inicial do expediente de cesión de uso á Administración Xeral do Estado, para o seu destino a Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía.

Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais.

18.- Ratificación da solicitude á Xunta da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras e desestimación das alegacións presentadas da obra de ampliación e mellora do trazado na E.P. 5404 do P.K. 3,500 ao 6,500 de Xubia a praia da Frouxeira (Narón-Valdoviño), incluída no proxecto da primeira relación do Plan de vías provinciais 2006-2008.

19.- Ratificación da solicitude á Xunta da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras e desestimación das alegacións presentadas da obra de ampliación e mellora do trazado na E.P. 8203 Vedra a ponte de Santa Lucía do P.K. 4,700 ao 8,130 (Vedra), incluída na cuarta relación do Plan de vías provinciais 2006-008.

20.- Ratificación da solicitude á Xunta da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras e desestimación das alegacións presentadas da obra do ensanche, mellora de trazado e

afirmado da E.P. 5903 de Ordes a Portomouro, P.K. 8,460 ao P.K. 17,040 (Trazo), incluída na quinta relación do Plan de vías provinciais 2006-2008.

21.- Ratificación da solicitude á Xunta da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras e desestimación das alegacións presentadas da obra ampliación e mellora do trazado da E.P. 4201 de Portobravo a Confurco, P.K. 2,500 ao 7,700 (Lousame), incluída na quinta relación do Plan de vías provinciais 2006-2008.

22.- Ratificación da solicitude á Xunta da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras e desestimación das alegacións presentadas da obra de ampliación e mellora do trazado na E.P. 5602, P.K. 0,00 ao 6.360 Negreira a Ponte Nafonso (Negreira), incluída na sexta relación do Plan de vías provinciais 2006-2008.

23.- Ratificación da solicitude á Xunta da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras e desestimación das alegacións presentadas da obra do ensanche, mellora do trazado e afirmado da E.P. 0603 de Boimorto a Orxal pola Mota, P.K. 1,300 ao 10,400 (Boimorto e Arzúa), incluída no proxecto da sétima relación do Plan de vías provinciais 2006-2008.

24.- Ratificación da solicitude á Xunta da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras e desestimación das alegacións presentadas da obra do ensanche, mellora de trazado e afirmado na E.P. 1707 de Oleiros a Pravio no P.K. 0,000 ao P.K. 1,500 (Oleiros), incluída na sétima relación do Plan de vías provinciais 2006-2008.

25.- Aprobación provisional do Plan de travesías 2007, 1ª fase integrado pola obra complementario nº 1 actuacións complementarias da seguridade viaria e medioambientais na travesía E.P. 7202 Rianxo a Bures por Asados (Rianxo).

26.- Aprobación do Plan de vías provinciais 2007, 3ª fase que inclúe o proxecto de canalización do río Maior baixo a E.P. 0813 Sada a Armuño.

27.- Aprobación inicial do Plan de travesías 2007, 3ª fase, integrado polo proxecto de travesía de Pastoriza a Maceira, E.P. 0502, remodelación e supresión de barreiras (Arteixo).

Promoción Económica, Emprego e Turismo

28.- Ratificación de R.P. nº 3175 de 2006, relativa á modificación do convenio “implementación centros de provisión en Manabi (Ecuador)”.

29.- Ratificación das modificacións introducidas no texto do convenio relativas á urbanización do Polígono Industrial das Lagoas (Narón).

30.- Modificación da actuación da 3ª e 4ª anualidade do Plan de dinamización turística da Costa da Morte.

Deportes, Xuventude e Medio Ambiente

31.- Aprobación de convenio de axudas aos concellos para mantemento dos Grupos Municipais de Intervención Rápida.

32.- Proposta de modificación do beneficiario da subvención nominativa concedida para o financiamento da “1ª fase da construción do Club de Piragüismo e Club de Vela”, no Concello de Pontedeume.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN
PLENO DO 29 DE MARZO DE 2007**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 29 de marzo de 2007, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar sesión **ordinaria** .

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON JOSÉ LUIS ARMADA CASTRO	PSOE
DON XAIME BELLO COSTAS	BNG
DON JOSÉ BLANCO PAZOS	PP
DON MANUEL CAAMAÑO LOURO	PP
DON FRANCISCO ANTONIO CANDELA CASTRILLO	PSOE
DONA SOCORRO CEA VÁZQUEZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON GERMÁN DIZ ARÉN	PSOE
DON JOSÉ FERREIRO PARDIÑAS	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA RAQUEL JABARES FERNÁNDEZ	BNG
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON EDUARDO LAMAS SÁNCHEZ	PP
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON JOSE MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON RAMÓN QUINTÁNS VILA	PSOE
DON ERNESTO RIEIRO OREIRO	PP
DON ALEJANDRO RODRÍGUEZ LEMA	PSOE

DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Non asisten o Sr. Campo Fernández e a Sra. Vázquez Veras.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 2/07, CELEBRADA O DÍA 22 DE FEBREIRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 2/07, celebrada o día 22 de febreiro.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 1.544 Á Nº 3.679.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 1.544 á nº 3.679.

3.- ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DA BAÑA.

INTERVENCIONES

Sr. López Crespo

É para dicir que o noso grupo vai votar afirmativamente todos os puntos dende este ata o final, facendo unha aclaración. No punto 17, que nos congratulamos de que se recollese a suxestión feita polo noso grupo aquí no Pleno sobre a contraprestación a todos os nenos e nenas da provincia en idade escolar obrigatoria, para que poidan facer as visitas a ese Museo que aí se expón. E, tamén aínda que non está incluído, dicir que é unha mágoa que sigan insistindo, nós apostamos pola formación dos profesores no tratamento das actitudes positivas cara á arte nos nosos nenos e nenas, que se se pode, nesos días que ten a deputación de uso, que se organicen cursos para que os profesores poidan levar ao ensino obrigatorio tratamentos para potenciar as actitudes positivas

cara á arte, cousa que non está moi traballada na nosa pedagogía activa. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Nogueira Fernández

É para aclararlle ao Sr. Crespo que, efectivamente, aínda que non está expresamente recollido o que está a expresar, si está no seguinte punto que hai uns días a disposición da deputación para aqueles asuntos que considere a deputación necesario, entón, aí poden ir incluídos calquera outros asuntos que se poidan tratar co Ministerio de Educación.

Sr. Presidente

Pero se iso se desprendía das palabras do Sr. López Crespo. En calquera caso, agradézolle a expresión manifestada polo voceiro do Grupo Popular de aprobar favorablemente, votar favorablemente, todos os puntos da orde do día deste Pleno e dicirlle que neste caso, coma noutros, a maioría absoluta non dá o monopolio do poder, e penso que é bo, que aínda tendo maioría absoluta para gobernar e facer o que un boamente cre que debe facer, se dialogue e negocie coa oposición, porque a oposición tamén representa os intereses dunha parte importante da poboación, e plenos coma este, coma outros que se fixeron nesta Corporación, onde o goberno e a oposición votan favorablemente todos os puntos, é unha demostración de sensatez e de moderación no exercicio de poder, tanto por parte dos que representan a responsabilidade de gobernar como por parte das persoas do grupo que se sentan na oposición. Polo tanto, acollemos todas as suxestións positivas que o Grupo Popular poida facer, é a nosa obriga, e neste sentido recollemos tamén o pedimento de que se poida visitar gratuitamente o Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía, cando estea aquí instalado, e que se poidan utilizar as instalacións para cursos ou para conferencias científicas que a deputación organiza, ou mesmo o que agora vostede dicía.

Polo tanto, alégrome de que os votos sexan favorables, e damos por aprobado, favorablemente cos votos dos tres grupos, todos os puntos da orde do día, dende o 3 ao punto 32, ambos os dous incluídos.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello da Baña en relación coas seguintes materias:

- A facultade, de acordo co disposto no art. 78 da Lei reguladora das facendas locais, agora artigo 77 do RDL 2/2004 aprobatorio do TRLFL, para establecer acordos ou convenios coa Administración Tributaria do Estado en materia de colaboración e inspección, en relación co imposto sobre bens inmobles.

- A recadación voluntaria e executiva das taxas e prezos públicos de carácter periódico anual e notificación colectiva mediante Padrón que de seguido se determinan:
 - Ordenanza fiscal reguladora pola prestación de servizos relacionados coa hixiene urbana.
 - Ordenanza fiscal reguladora da rede de sumidoiros (canon de saneamento, unha vez que se estableza).
- Recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ó ano.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

4.- DAR CONTA DA CONTA INTEGRADA DA XESTIÓN RECADATARIA RELATIVA AO EXERCICIO 2006.

Dáse conta ao Pleno da conta integrada da xestión recadatoria relativa ao exercicio 2006.

5.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2006.

Dáse conta ao Pleno da liquidación do orzamento do exercicio 2006.

6.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 1/07 DE APROBACIÓN POLO PLENO E MODIFICACIÓN DA BASE 48ª DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO 2007.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Despois de examinar o expediente e maila documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, esta comisión adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 1/07 de competencia do Pleno, que se tramita dentro do vixente orzamento xeral, por un importe de 82.938.389,60€ e que ofrece o seguinte resumo:

Aumentos:

CE. Créditos extraordinarios.....	43.822.340,49
SC. Suplementos de crédito.....	39.116.049,11

Total de aumentos:..... 82.938.389,60

Baixas (Financiamento):

BA. Baixas por anulación.....	127.439,00
RX. Remanente de tesourería para gastos xerais.....	82.810.950,60

Total de baixas:..... 82.938.389,60

2º.- Modificación da base 48ª de execución do orzamento provincial.

2º-1.-Incorporarlles ás subvencións nominativas recollidas na base 48ª do Orzamento provincial do exercicio 2007 as que se enumeran a continuación, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2.d da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

<u>APLIC. ORZAM.</u>	<u>BENEFICIARIO</u>	<u>OBXECTO</u>	<u>E</u>	<u>FINALIDADE</u>
IMPORTE				
0104/463C/789.01	Socid. Espnhola Benef. Brasil	Adq. unidade hemodinámica Hosp. Español		40.000
,00				
0305/441B/762.01	Concello Paderne	Conduc. de auga de Obre a Paderne		476.392
,73				
0305/441B/762.01	Concello Mugardos	Abastecemento auga parroquias		350.000
,00				
0305/443A/789.01	Asoc. veciñal Sta. Cristina Barro	Obras mellora instalacións cemiterio		13.000
,00				
0305/446A/489.01	Asoc. Casta Diva	Estudo sostibilidade dos recursos		14.000
,00				
0305/451E/489.01	Club do mar de Ferrol	Concentración barcos antigos		60.000
,00				
0305/451F/489.01	Universidades Santiago e Coruña	Estudo cemiterios da provincia		25.000
,00				
0305/451H/462.01	Concello Malpica de Bergantiños	Feira XXIV Olería de Buño		60.000
,00				
0305/451L/489.01	FESGA	Investigación comarca Ortegal		60.000
,00				
0305/451L/489.01	Fundación Exponav	Exp. naval fomento construción naval		194.740
,00				
0305/463B/762.01	C.Rianxo, Ribeira, Boiro e A Pobra C.	Matadoiro comarcal de Barbanza		600.000
,00				
0305/521A/489.01	EMUGA	Prog. apoio ás emisoras municipais provincia		120.000
,00				
0305/751A/489.01	Asoc. cultural Medulio	Publicación promoción turismo		30.000
,00				
0305/751A/628.00	Concello Santiago de Compostela	Plan dinamización e competitividade turística		200.000
,00				

0305/451A/762.01	Concello Ferrol	Antigo hospicio edificio turismo	600.000
,00			
0601/451D/467.00	Consortio das Mariñas	Ciclo Jazz	50.000
,00			
0601/451D/489.01	Presto Vivace	Didáctica da música na aula	30.000
,00			
0601/451D/489.01	Banda música Visantofía	Celebración 130ª aniversario	16.000
,00			
0601/451E/462.01	Concello Betanzos	Congreso1ª Xornadas Paisaxe Natural Noroeste	
12.800,00			
0601/451H/467.01	Ceida	Prog. educación ambiental concellos prov.	100.000
,00			
0601/451H/467.01	Ceida	Programa o mar e a costa.	60.000
,00			
0601/451H/489.01	Asoc. escritores lingua galega	Actualización do centro de documentación	40.000
,00			
0601/451H/489.01	Asoc. monte Branco - Ponteceso	Festa das letras	30.000
,00			
0601/451H/789.01	Unión dep. cul. Narahío S.Sadur.	4ª fase local social e equipamento escénico	18.000
,00			
0601/451L/489.00	Fundación Galicia Europa	Cota anualidade 2005	25.012
,00			
0601/451L/789.01	Fundación CIEC. Betanzos	Obras de ampliación	30.000
,00			
0601/452A/762.01	Concello de Outes	Equipamento centro náutico escola vela	400.000
,00			
0601/452C/489.01	Motor Sport Melide	Campionato vehículos históricos	30.000
,00			
0601/452C/762.01	Concello Culleredo	Infraestruturas deportivas Rutis e Almeiras	759.019
,51			
0601/452C/762.01	Concello Neda	Pista polideportiva O Roxal	258.773
,00			
0601/452D/762.01	Concello Porto do Son	Edif. auditorio e salas multiusos	471.899
,28			
0601/452D/762.01	Concello Oza dos Ríos	Asoc. "O Vinte" centro cultural e deportivo	200.000
,00			
0601/454B/762.01	Concello Rianxo	Monumento as xentes do mar	60.000
,00			
0601/469B/789.01	Asoc. veciños Barbeito Vilsantar	Mellora e acondicionamento local social	15.000
,00			
0701/313M/489.01	Secretariado xitano Santiago	Programa inserción social minorías étnicas	15.000
,00			
0701/313M/489.01	Fundación Juan Canalejo	Congreso patoloxía do transplante	15.000
,00			
0701/313M/789.01	ASPACE	Finalización construc. centro menores discap.	100.000
,00			
0701/313M/789.01	AMBAR	Obras e equipamento	<u>114.089</u>
,00			

Total

5.693.725,52

2º-2. Modificar as subvencións nominativas recollidas na base 48ª do Orzamento provincial do exercicio 2007 as que se enumeran a continuación.

<u>APLIC . ORZAM.</u>	<u>BENEFICIARIO</u>	<u>OBXECTO</u>	<u>E</u>	<u>FINALIDADE</u>
<u>IMPORTE</u>				
0601/451C/789.01	Museo Terra de Melide (1)	Equipamento		15.000
,00				

- (1) Modificación do obxecto.
- (2) Modificación do beneficiario

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

4º.- O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

7.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL 2007.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º) Aprobar as Bases reguladoras do Plan de cooperación provincial 2007, cuxo texto figura no anexo que se achega.

2º) Condicionar a aprobación definitiva das bases á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 1/2007 no que se consigna a dotación necesaria para o financiamento deste plan anual para a anualidade 2007 polo importe de 24.000.000,00 euros.

3ª) Someter este acordo a exposición pública polo prazo de dez días mediante a publicación dun anuncio no BOP co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas. Igualmente, remitirle este acordo á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local polo prazo de dez días para o seu coñecemento e informe. No caso de non presentárense alegacións ou reclamacións no citado prazo entenderase definitivamente aprobado.

BASES REGULADORAS DO PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL 2007

1.- DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

O presente Plan de cooperación provincial 2007 é un plan anual da Deputación da Coruña para o exercicio 2007, que se financia cunha achega provincial por importe de 24.000.000,00€ e coas achegas municipais que voluntariamente desexen realizar os concellos para completar o financiamento dos investimentos que soliciten.

No expediente de modificación de créditos que se vai aprobar simultaneamente con estas bases polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de marzo de 2007, vaise consignar crédito suficiente para o seu financiamento. A aprobación do correspondente plan non se poderá realizar ata a entrada en vigor do citado expediente coa finalidade de que exista crédito adecuado e suficiente.

2.- FINALIDADE E OBXECTO.

A finalidade deste plan é a de cooperar cos concellos da provincia na realización de investimentos necesarios para o exercicio das súas competencias, especialmente as obrigatorias, complementando os investimentos que actualmente se veñen realizando pola deputación a través doutros plans de cooperación.

Por iso, o obxecto do plan concrétase na realización de novos investimentos municipais, mediante a solicitude polos concellos de obras ou subministracións que se axusten ás seguintes condicións:

- As obras e subministracións deben ser de competencia municipal asociadas ás competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.
- As subministracións han de referirse a adquisicións de bens que se poidan cualificar como gastos de investimento .
- Establécese un orzamento mínimo de 31.000,00€
- Cada obra ou subministración debe identificarse cun proxecto técnico ou prego de prescricións técnicas, que deben de ser redactados conforme ao establecido no RD lexislativo 2/2000, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas e normativa de desenvolvemento.
- As obras deben de ser completas, no sentido de seren susceptibles de entrega ao uso público, de acordo co establecido no art. 68.3 do RD lexislativo 2/2000 de contratos das administracións públicas, e así se fará constar na memoria do proxecto. No caso de que na súa denominación se indique que se trata dunha fase, tramo, parte, etc.

debe achegarse ademais un informe técnico xustificativo desta circunstancia.

- As denominacións das obras deben identificar claramente a actuación que se ha realizar, non se admitirán as que sexan de carácter xenérico.
- O concello deberá acreditar que conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras e que conta coas autorizacións e concesións administrativas necesarias para a súa execución.

3.- DESTINATARIOS.

Poderán participar neste plan os concellos da provincia da Coruña excepto Culleredo, Ferrol, Mugar dos, Neda, Outes, Paderne e Porto do Son, porque terán convenios específicos para a realización de investimentos municipais. Polo tanto, son destinatarios deste plan os 87 concellos restantes, que deberán presentar a documentación esixida nestas bases.

4.- FINANCIAMENTO.

A cada concello asígnaselle unha cantidade, calculada aplicando ao total do investimento deste plan, que se concreta en 24.000.000,00 €, as variables ponderadas que tradicionalmente se utilizan para realizar as asignacións de fondos do Plan de Obras e Servizos (POS), que son as seguintes:

10 %	Cota fixa
5 %	Esfuerzo fiscal
15 %	Número de parroquias
35 %	Poboación
35 %	Superficie

Da aplicación dos datos de cada concello resulta a cantidade asignada a cada un deles, que se lles comunicará na circular que se lles remita.

Ademais, os concellos poderán realizar achegas municipais voluntarias para completar o financiamento dos investimentos que soliciten dentro deste plan.

5.- FORMA E PRAZOS DE SOLICITUDE.

Os concellos que desexen participar neste plan deberán presentar no Rexistro Xeral da Deputación, ou nas formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, **ata o 30 de abril de 2007**, a seguinte documentación:

- 5.1.- Certificación do acordo plenario municipal.

Certificación do acordo plenario municipal de participación no presente plan, conforme ao modelo que figura como anexo I a estas bases, no que se acepten expresamente estas bases e se relacionen as obras ou equipamentos que se solicitan con indicación da súa denominación, orzamento e detalle de financiamento, no que se preste aprobación ao proxecto da obra ou prescricións técnicas do equipamento e no que se conteña a solicitude de delegación da contratación e execución dos investimentos. No caso de que existan achegas municipais voluntarias, deberá adoptarse o compromiso de incluír crédito suficiente para o seu financiamento.

No mesmo acordo farase constar expresamente que o concello conta cos terreos necesarios para a execución das obras e coas autorizacións ou concesións administrativas necesarias que sexan precisas.

No devandito acordo aprobaranse, así mesmo, as obras ou equipamentos que o concello desexe incluír no Plan complementario con carácter supletorio, para ser financiados con cargo a anulacións de proxectos ou baixas de licitación que se poidan producir nas obras ou equipamentos do respectivo concello, de forma que o seu financiamento queda condicionado a que efectivamente se produzan.

Igualmente, no devandito acordo autorizarase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

5.2.- Documentación técnica.

Proxectos técnicos por duplicado exemplar, co contido establecido no artigo 124 do RD lexislativo 2/2000, ou prego de prescricións técnicas da subministración onde se detallen as distintas unidades do seu contido coas súas características técnicas, onde non poden figurar marcas, a súa cuantificación e o seu prezo unitario, e detalle do IVE.

6.- APROBACIÓN DO PLAN.

Á vista de todas as solicitudes presentadas polos concellos da provincia, o Pleno da deputación prestará aprobación ao plan, onde se incluírán os investimentos solicitados polos concellos que estean correctos e completos.

A devandita aprobación comprenderá tanto as obras principais solicitadas polos concellos que se integrarán no Plan base, como as obras supletorias que se integran no Plan complementario para financiarse con cargo ás baixas que se poidan producir nos respectivos concellos, polo que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan.

No mesmo acordo aprobarase a delegación da contratación e execución dos investimentos nos respectivos concellos.

Unha vez aprobado o plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para que por un prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións que se estimen oportunas, e será remitido para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos establecidos no artigo 112 e concordantes da Lei 5/1997 de administración local de Galicia. Unha vez transcorridos os 10 días de exposición pública e dende a solicitude de informe sen que se presentasen alegacións, poderanse proseguir os trámites.

A aprobación definitiva do Plan adicional financiado con baixas de licitación ou anulacións de proxectos que se aprobe no marco do Plan complementario, realizarase mediante resolución da Presidencia na que se declare cumprida a condición de existencia de crédito suficiente e en consecuencia se declare definitivamente aprobado o Plan adicional no que se incluírán as obras previstas no Plan complementario daqueles concellos para os que exista crédito para o seu financiamento.

7.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS E EQUIPAMENTOS.

A contratación das obras ou equipamentos farana os respectivos concellos por delegación da deputación, e deberán realizala ata o 1 de decembro de 2007. No entanto, este prazo poderase ampliar mediante resolución de Presidencia, previa solicitude motivada do concello.

A contratación realizarase utilizando os pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente por esta deputación. O concello ha de cubrir en cada expediente o cadro de características do contrato.

As obras adxudicaranse mediante poxa ou concurso con procedemento aberto. Tamén se poderán adxudicar mediante procedemento negociado nos supostos e cos requisitos establecidos no RD lexislativo 2/2000 do 16 de xuño polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas. De acordo co establecido no art. 92 da citada norma, cando se utilice o procedemento negociado será necesario solicitar a oferta de empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato. Para iso, publicarase sempre que sexa posible un anuncio nun xornal, coa finalidade de que se poidan presentar o maior número posible de ofertas e garantir así os principios de publicidade e concorrência, ou ben se consultará polo menos a tres empresas.

En calquera caso, deberase deixar constancia no expediente dos anuncios publicados, das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento aplicadas polo órgano de Contratación.

Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia administración de acordo co establecido nos art. 152 - 153 da devandita norma.

As subministracións adxudicaranse mediante concurso con procedemento aberto. Tamén se poderán adxudicar mediante poxa con procedemento aberto ou procedemento negociado nos supostos e cos requisitos establecidos no RD lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas.

Non se poderá realizar a adxudicación das obras ou subministracións como contrato menor.

As baixas que se poidan producir na adxudicación dos investimentos destinaranse en primeiro lugar a minorar a achega municipal, se a houber.

8.- EXECUCIÓN DO PLAN

As obras ou equipamentos executaranas os respectivos concellos conforme ao proxecto de obras ou prescricións técnicas da subministración aprobadas.

A dirección e execución das obras realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que a deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

As modificacións dos contratos realizaraas o concello de acordo co establecido no RD lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos das administracións públicas. En todo caso requirirase a redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo concello e posteriormente pola deputación.

Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou de calquera outro concepto, deberá ser financiado integramente polo concello correspondente.

Os investimentos incluídos no presente plan deberán estar terminados e xustificadas antes do 1 de outubro de 2008, salvo prórroga solicitada motivadamente polo concello e concedida mediante resolución de Presidencia, ata un máximo de 3 anos desde a data de adxudicación das obras.

Desde a iniciación das obras ata a súa recepción deberá colocarse un cartel conforme ao modelo facilitado pola deputación cos datos da obra.

9.- PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL.

A xustificación da realización dos investimentos efectuarana os respectivos concellos presentando certificación de execución das obras ou, no seu caso, factura e xustificación da subministración.

O libramento ao concello do importe da achega provincial realizarase á vista das certificacións de execución das obras remitidas polo concello, que haberán de presentar no modelo oficial existente na deputación, debidamente aprobadas polo concello e por triplicado exemplar. Procurarase que as certificacións sexan dun importe non inferior a 6.000,00€, salvo na última certificación. Unha vez terminadas as obras deberá achegarse acta de recepción das obras.

No caso das subministracións deberase presentar a factura aprobada polo concello e a correspondente acta de recepción.

A deputación transferiralle ao concello o importe correspondente aos investimentos realizados, previa verificación da adecuación das certificacións ou facturas ao proxecto ou prescricións da subministración aprobados no plan.

10.- INTERPRETACIÓN

A interpretación e resolución das dúbidas que se puidesen formular serán resoltas polo presidente da deputación, logo do informe previo de Secretaría e Intervención. Para o non disposto expresamente nas presentes bases, aplicarase supletoriamente o establecido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.”

8.- APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO MINISTERIO DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS DENTRO DA LIÑA DE PROXECTOS DE MODERNIZACIÓN ADMINISTRATIVA LOCAL DA ANUALIDADE 2007, QUE SE INTEGRA NO PLAN DE MODERNIZACIÓN 2007.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Visto o Real decreto 1263/2005 do 21 de outubro, que modifica o Real decreto 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais, desenvolvido mediante Orde ministerial do 31 de xaneiro de 2006, onde se regula a liña de subvención de cooperación económica local do Estado denominada “proxectos de modernización administrativa local”, a través da utilización de tecnoloxías da información.

Vista a moción subscrita polo presidente da Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos en relación coa solicitude a presentar na anualidade 2007,

relativa a estender a experiencia piloto dos concellos de Miño e Fene a máis concellos da provincia.

Visto o proxecto denominado “Concellos 1ª fase: prestación de servizos ao cidadán con tramitación electrónica nos concellos da provincia da Coruña”.

Vista a resolución da Presidencia nº 3.216, con data do 13 de marzo de 2007, pola que se presta aprobación inicial ao citado proxecto, dispónse a súa remisión a informes internos e a informe da Subdelegación do Goberno e da Comisión Provincial de colaboración do Estado coas corporacións locais.

1.- Solicitar subvención ao Ministerio de Administracións Públicas dentro da liña de cooperación económica local denominada “proxectos de modernización administrativa local” da anualidade 2007, para unha actuación denominada “Concellos 1ª fase: prestación de servizos ao cidadán con tramitación electrónica nos concellos da provincia da Coruña” cun presuposto de 1.199.983,99 €.

Este proxecto detállase nos dous lotes que a continuación se indican e constitúe o Plan de modernización 2007 desta deputación.

Dado que a subvención do Estado destinada ao cofinanciamento dos proxectos de modernización poderá acadar até o 50% do importe do proxecto, o importe de subvención estatal que se solicita, é o seguinte:

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA PROXECTOS DE MODERNIZACIÓN ADMINISTRATIVA LOCAL 2007.			
Concellos 1ª fase: prestación de servizos ao cidadán con tramitación electrónica nos concellos da provincia da Coruña.			
Denominación	Orzamento	MAP 50%	Deputación 50%
LOTE 1: Equipamento e instalacións (Código: 07.2710.0001.0)	599.679,40		
LOTE 2: Implantación de procedementos (Código: 07.2710.0002.0)	600.304,59		
TOTAL	1.199.983,99	599.991,99	599.992,00

2.- Declarar que na partida 0501/560B/60101 do presuposto provincial para o exercicio 2007 existe consignación por un importe de 1.200.000,00 € destinada ao financiamento deste programa, asociada a unha previsión de ingreso de achega do MAP por un importe de 600.000,00 €.

Declarar, así mesmo, que non existen axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións públicas ou provenientes de fondos comunitarios

3.-Remitir o expediente completo ao Ministerio de Administracións Públicas para os efectos de solicitar a subvención estatal para este proxecto dentro da liña de proxectos de modernización administrativa local.

4.- Dispoñer a contratación do LOTE 1 denominado “Equipamento e instalacións” cun orzamento de 599.679,40 € para cuxo financiamento existe crédito suficiente no orzamento provincial para o exercicio 2007.

5.- Facultar ao presidente desta deputación para a execución de todo o relacionado co presente acordo, e en concreto para prestar aprobación ás actuacións necesarias a realizar no caso de que a subvención do MAP efectivamente concedida sexa inferior á solicitada.”

9.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “MELLORAS EN PAVIMENTOS DA PRAZA AGRA DA RIBEIRA E OUTRAS” DO CONCELLO DE CORCUBIÓN, INCLUÍDA NO POS 2006, (CÓDIGO 06.2100.0112.0).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "Melloras en pavimentos da praza Agra da Ribeira e outras” (código: 06.2100.0112.0) do Concello de Corcubión, incluída no POS 2006 cun orzamento de contrata de 69.481,52 € que non representa variación no seu orzamento total, nin varía a finalidade das obras pero si implica cambios internos nas súas partidas orzamentarias por un importe superior ao 30%.”

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación f. propios</u>	<u>Deputación préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento Total</u>
06.2100.0112.0	Corcubión	Melloras en pavimentos da praza Agra da Ribeira e outras	27.691,48	28.375,57	9.939,47	3.475,00	69.481,52

10.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “DEPURACIÓN E SANEAMENTO EN SAN XIÁN DE SALES” DO CONCELLO DE VEDRA, INCLUÍDA NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL (POL) 2005 (CÓDIGO 05.2300.0184.0).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Visto o proxecto reformado da obra “Depuración e saneamento en San Xián de Sales” do Concello de Vedra, incluída no POL 2005, código: 05.2300.0184.0, que foi presentado polo director das obras e que representa un incremento no seu orzamento de contrata.

1º.- Aprobar por un importe total de 476.182,45 € o proxecto reformado da obra “EDAR e saneamento en Peteiro e Santa Marta de Babío” do Concello de Vedra, incluída no POL 2005. Código: 05.2300.0184.0, que foi aprobado mediante acordo plenario adoptado o 24 de febreiro de 2005.

2º.- Aprobar, así mesmo, a modificación do seu financiamento debido ao incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado que representa a cantidade de 75.245,17 € a prezos de contrata, sendo de 52.874,40 € a prezos de adxudicación. O incremento financiao integramente a Deputación (código: 05.2300.0184.1).

Así os datos de financiamento total da obra quedan como segue:

“Depuración e saneamento en San Xián de Sales” (Concello de Vedra)			
(Concello de Vedra)	Orzamento proxecto inicial a prezos de contrata	Orzamento reformado a prezos de contrata	Incremento
	05.2300.0184.0		05.2300.0184.1
Deputación f.p.	85.608,13	160.853,30	75.245,17
Deputación outros	20.046,86	20.046,86	0
Estado	48.757,98	48.757,98	0
FEDER	246.524,31	246.524,31	0
TOTAL	400.937,28	476.182,45	75.245,17

3º.- Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos dispostos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da administración xeral do Estado e no art. 9 do R.D. 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

5º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida nos arts. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

6º.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, considerárase definitivamente aprobado o presente expediente.”

11.- MODIFICACIÓN DO CADRO DE ACTUACIÓNS DA PRIMEIRA ANUALIDADE E APROBACIÓN DE ACTUACIÓNS DA SEGUNDA ANUALIDADE DO PLAN PILOTO DE MELLORA DA CALIDADE TURÍSTICA DE PORTODEMOUROS

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar a modificación das actuacións da primeira anualidade e aprobar as actuacións da segunda anualidade do Plan piloto de mellora da calidade turística de Portodemouros, segundo o acordado pola Comisión de Seguimento do convenio na sesión do 21 de marzo de 2007.

PLAN PILOTO DE MELLORA DA CALIDADE TURÍSTICA DE PORTODEMOUROS (1ª ANUALIDADE)		
Nº de actuación	1ª anualidade	Orzamento actualizado
1	XERENCIA	54.000,00
2	PUNTOS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA	0,00
3	IMAXE DE MARCA E MANUAL DE IDENTIDADE CORPORATIVA	14.000,00
4	PLAN DE CALIDADE (1ª FASE)	25.000,00
5	VALORIZACIÓN DE RECURSOS TURÍSTICOS	12.000,00
6	COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN	□ 0,00
7	RUTAS TURÍSTICAS POLO ENCORO DE PORTODEMOUROS	□ 0,00
8	ESTUDO ENTE XESTOR	0,00
9	ORDENADORES PARA PUNTOS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA	7.680,00
10	IMPRESORAS PARA PUNTOS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA	4.320,00
11	OBRAS DE ADECENTAMENTO E ACONDICIONAMENTO DE PUNTOS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA	31.836,84
12	MOBILIARIO PARA PUNTOS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA	17.347,14
13	CLIMATIZACIÓN PARA PUNTOS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA	14.646,02
14	DECORACIÓN DE PUNTOS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA	4.200,00
15	PUNTOS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA INTERACTIVOS	37.477,01
16	ACTO DE PRESENTACIÓN DO PLAN	2.000,00
17	TRIPTICO PLAN	2.000,00
18	DESEÑO, ELABORACIÓN E MANTEMENTO DE PÁXINA WEB	17.000,00
19	GUÍA GASTRONÓMICA	14.000,00
20	EXPOSICIÓN MUSEÍSTICA DO PICO SACRO	23.492,99
21	ESTUDO PARA UNHA SINALIZACIÓN INTEGRAL DO DESTINO	19.000,00
□	TOTAL	300.000,00

PLAN PILOTO DE MELLORA DA CALIDADE TURÍSTICA DE PORTODEMOUROS (1ª ANUALIDADE)					
Nº de actuación	Actuacións 1ª anualidade	Investimento inicial	Altas	Baixas	Investimento final
□					
1	XERENCIA	60.000,00	□	6.000,00	54.000,00
2	PUNTOS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA	250.000,00	□	250.000,00	0
3	IMAXE DE MARCA E MANUAL DE IDENTIDADE CORPORATIVA	14.000,00	□	□	14.000,00

4	PLAN DE CALIDADE (1ª FASE)	25.000,00	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	25.000,00
5	VALORIZACIÓN DE RECURSOS TURÍSTICOS	12.000,00	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	12.000,00
6	COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN	35.000,00	<input type="checkbox"/>	35.000,00	0
7	RUTAS TURÍSTICAS POLO ENCORO DE PORTODEMOUROS	140.000,00	<input type="checkbox"/>	140.000,00	0
8	ESTUDO ENTE XESTOR	14.000,00	<input type="checkbox"/>	14.000,00	0
9	ORDENADORES PARA PUNTOS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA	<input type="checkbox"/>	7.680,00	<input type="checkbox"/>	7.680,00
10	IMPRESORAS PARA PUNTOS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA	<input type="checkbox"/>	4.320,00	<input type="checkbox"/>	4.320,00
11	OBRAS DE ADECENTAMENTO E ACONDICIONAMENTO DE PUNTOS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA	<input type="checkbox"/>	31.836,84	<input type="checkbox"/>	31.836,84
12	MOBILIARIO PARA PUNTOS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA	<input type="checkbox"/>	17.347,14	<input type="checkbox"/>	17.347,14
13	CLIMATIZACIÓN PARA PUNTOS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA	<input type="checkbox"/>	14.646,02	<input type="checkbox"/>	14.646,02
14	DECORACIÓN DE PUNTOS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA	<input type="checkbox"/>	4.200,00	<input type="checkbox"/>	4.200,00
15	PUNTOS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA INTERACTIVOS	<input type="checkbox"/>	37.477,01	<input type="checkbox"/>	37.477,01
16	ACTO DE PRESENTACIÓN DO PLAN	<input type="checkbox"/>	2.000,00	<input type="checkbox"/>	2.000,00
17	TRÍPTICO PLAN	<input type="checkbox"/>	2.000,00	<input type="checkbox"/>	2.000,00
18	DESEÑO, ELABORACIÓN E MANTEMENTO DE PÁXINA WEB	<input type="checkbox"/>	17.000,00	<input type="checkbox"/>	17.000,00
19	GUÍA GASTRONÓMICA	<input type="checkbox"/>	14.000,00	<input type="checkbox"/>	14.000,00
20	EXPOSICIÓN MUSEÍSTICA DO PICO SACRO	<input type="checkbox"/>	23.492,99	<input type="checkbox"/>	23.492,99
21	ESTUDO PARA UNHA SINALIZACIÓN INTEGRAL DO DESTINO	<input type="checkbox"/>	19.000,00	<input type="checkbox"/>	19.000,00
TOTAL		550.000,00	195.000,00	445.000,00	300.000,00

PLAN PILOTO DE MELLORA DA CALIDADE TURÍSTICA DE PORTODEMOUROS			
2ª ANUALIDADE			
ACTUACIÓNS	Deputación	Xunta	TOTAL
XERENCIA DO PLAN	23.142,86	30.857,14	54.000,00
SINALIZACIÓN DIRECCIONAL E INTERPRETATIVA	25.714,29	34.285,71	60.000,00
SERIES DIDÁCTICAS DO CENTRO DE DIVULGACIÓN DO QUEIXO E DO MEL	8.241,43	10.988,57	19.230,00
ELABORACIÓN DE AUDIOVISUAIS DIDÁCTICO-PROMOCIONAIS DO QUEIXO E DO MEL	11.931,43	15.908,57	27.840,00

PÁXINA WEB DO CENTRO DE DIVULGACIÓN DO QUEIXO E DO MEL	2.982,86	3.977,14	6.960,00
IMAXE CORPORATIVA E PAPELERÍA DO CENTRO DE DIVULGACIÓN DO QUEIXO E DO MEL	1.491,43	1.988,57	3.480,00
INSTRUMENTAL PARA EXPOSICIÓN E DEGUSTACIÓN NO CENTRO DE DIVULGACIÓN DO QUEIXO E DO MEL	3.210,00	4.280,00	7.490,00
ESTUDO, DESEÑO E PROXECTO DA REDE DE SENDEIROS	12.000,00	16.000,00	28.000,00
REDE DE SENDEIROS (1ª FASE)	22.285,71	29.714,29	52.000,00
PLAN DE CALIDADE (2ª FASE)	6.428,57	8.571,43	15.000,00
POSTA EN VALOR DO PICO SACRO	29.999,99	40.000,01	70.000,00
COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN	2.571,43	3.428,57	6.000,00
TOTAL SEGUNDA ANUALIDADE	150.000,00	200.000,00	350.000,00

Todas as actuacións citadas son financiadas con cargo á partida 0305 751A 62802 cód. 2006 246000.

12.- MODIFICACIÓN DOS IMPORTES DAS ACTUACIÓNS DA PRIMEIRA ANUALIDADE DO PLAN DE DINAMIZACIÓN DE PRODUTO TURÍSTICO FERROL-ORTEGAL

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.-Aprobar a modificación das actuacións da primeira anualidade do Plan de dinamización de produto turístico Ferrol-Ortegal, aprobadas polo Pleno da Deputación, para adecualas ao acordado pola Comisión de Seguimento do convenio na sesión do 12 de febreiro de 2007.

MODIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS DO PLAN DE DINAMIZACIÓN DE PRODUTO TURÍSTICO FERROL-ORTEGAL:

ACTUACIÓN	INVESTIMENTO INICIAL	INVESTIMENTO TRAS ADDENDA 22/12/2006
IDENTIDADE CORPORATIVA	30.000,00 €	30.000,00 €
PROMOCIÓN PDPT	18.000,00 €	18.000,00 €
XORNADAS PROFESIONAIS	15.000,00 €	12.500,00 €
CAMPAÑA DE CONCIENCIACIÓN	12.000,00 €	14.500,00 €
SINALIZACIÓN	40.000,00 €	40.000,00 €
CREACIÓN DE RUTAS TEMÁTICAS	72.185,00 €	72.185,00 €
PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA CALIDADE TURÍSTICA	30.000,00 €	30.000,00 €
INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E RECEPCIÓN DE VISITANTES	370.000,00 €	345.000,00 €
POTENCIACIÓN DO TURISMO NÁUTICO	150.000,00 €	50.000,00 €
PÁXINA WEB	30.000,00 €	30.000,00 €
PERFIL TURISTA E ESTUDO DE MERCADO	12.000,00 €	12.000,00 €
XERENCIA DO PLAN	60.000,00 €	60.000,00 €
TOTAL PRIMEIRA ANUALIDADE	839.185,00 €	714.185,00 €

A actuación “Xornadas Profesionais” sofre unha minoración de 2.500,00€, quedando a partida en 12.500,00€.

A actuación “**Campaña de Concienciación**” ten un aumento na partida de 2.500,00€, cun importe total de 14.500,00€.

A actuación “**Infraestruturas de información turística e recepción de visitantes**” sofre unha baixa de 25.000,00€, quedando o total da actuación en 345.000,00€.

A actuación “**Potenciación do Turismo Náutico**” sofre unha minoración de 100.000,00€, sendo o seu importe final 50.000,00€ para esta anualidade.

2.- DETALLE DE ACTUACIÓNS EN ACCIÓNS. CADRO DEFINITIVO.

As actuacións aprobadas na Comisión foron detalladas en accións concretas do xeito seguinte:

Nº	ACTUACIÓN	INVESTIMENTO ACTUALIZADO
1	IDENTIDADE CORPORATIVA	30.000,00 €
1.1	Creación e deseño de marca (Logo); Manual de identidade	12.000,00 €
1.2	Rexistro e protección de marca	Pte de concretar
2	PROMOCIÓN PDPT	18.000,00 €
2.1	Triptico plan	2.000,00 €
2.2	Mapa	8.000,00 €
2.3	Arquivo fotográfico	8.000,00 €
3	XORNADAS PROFESIONAIS	12.500,00 €
3.1	Asistencia a FITUR	5.000,00 €
3.2	Foro de debate/mesas de traballo con axentes públicos e privados	7.500,00 €
4	CAMPAÑA DE CONCIENCIACIÓN	14.500,00 €
4.1	Dirixida á poboación en xeral e ao sector turístico da zona	7.500,00 €
4.2	Material promocional e de merchandising	7.000,00 €
5	SINALIZACIÓN	40.000,00 €
5.1	Paneis de acceso aos municipios co texto de destino piloto do PDPT.	12.000,00 €
5.2	Elaboración dun plan de sinalización turística do destino	28.000,00 €
6	CREACIÓN DE RUTAS TEMÁTICAS	72.185,00 €
7	PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA CALIDADE TURÍSTICA	30.000,00 €
<input type="checkbox"/>	Implantación do MACT (1ª fase)	30.000,00 €
8	INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E RECEPCIÓN DE VISITANTES	345.000,00 €
8.1	Centros de recepción	Pte. de concretar
8.2	Ordenadores	19.200,00 €
8.3	Impresoras	Pte de concretar
8.4	Casetas novas	100.000,00 €
8.5	Rehabilitación espazos existentes	Pte. de concretar
9	POTENCIACIÓN DO TURISMO NÁUTICO	50.000,00 €
9.1	Apoio VIII Encontros de Embarcacións Tradicionais	25.000,00 €
9.2	Apoio ao Pantín Classic	25.000,00 €
10	PÁXINA WEB	30.000,00 €
<input type="checkbox"/>	Deseño, desenvolvemento de páxina web	30.000,00 €
11	PERFIL TURISTA E ESTUDO DE MERCADO	12.000,00 €
<input type="checkbox"/>	Estudo do mercado turístico e perfil do turista	12.000,00 €
12	XERENCIA DO PLAN	60.000,00 €
<input type="checkbox"/>	TOTAL PRIMEIRA ANUALIDADE	714.185,00 €

Todas as actuacións citadas da primeira anualidade son financiadas con cargo á partida 0305/751A/628.01 cód.2006.4500.0000.0.”

13.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN POR CAMBIO DE SITUACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE LOCAL SOCIAL EN ROMARÍS” DO CONCELLO DE NEGREIRA, INCLUÍDA NO PLAN DE INVESTIMENTOS LOCAIS (PIL) 2005. CÓDIGO 05.3200.0148.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar a modificación, por cambio de situación, do proxecto técnico da obra “Construcción local social en Romarís” do Concello de Negreira, incluída no Plan provincial de investimentos locais (PIL) 2005 (Código 05.3200.0148.0.0), que foi aprobado en sesión plenaria da deputación do día 22 de decembro de 2005, cun orzamento de contrata de 32.041,49 euros, posto que non representa unha variación no seu orzamento total, nin varía a finalidade nin o obxecto da obra.

Código	Concello	Denominación	Deputación F. Propios	Orzamento total
05.3200.0148.0	Negreira	Construcción local social en Romarís	32.041,49	32.041,49

14.- APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “REMODELACIÓN DO PARQUE ROSALÍA DE CASTRO” DO CONCELLO DE NOIA, INCLUÍDA NO PLAN DE INVESTIMENTOS LOCAIS (PIL) 2005, CÓDIGO 05.3200.0149.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar a modificación do proxecto técnico da obra “Remodelación do Parque de Rosalía de Castro” do Concello de Noia, incluída no Plan provincial de investimentos locais (PIL) 2005, código 05-3200-0149.0, que foi aprobado en sesión plenaria da deputación o día 22 de decembro de 2005, cun orzamento de contrata de 238.809,20 euros, xa que introduce algunhas modificacións das actuacións contidas no proxecto técnico inicial, que supoñen unha alteración superior ao 30% do seu contido, pero sen alterar o orzamento da obra nin o orzamento do plan no seu conxunto.

Código	Concello	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento total
05-3200-0149.0	Noia	Remodelación do Parque de Rosalía de Castro	236.267,33	2.541,87	238.809,20

15.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE CESIÓN DE USO AO CONCELLO DE ARTEIXO DA PARCELA 33-B DO POLÍGONO DE SABÓN PARA A SÚA POSTA A DISPOSICIÓN DA CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA PARA A CONSTRUCIÓN DUN CENTRO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar inicialmente o expediente de cesión de uso a favor do Concello de Arteixo para a posta a disposición da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria para a construción dun centro de educación infantil e primaria (CIEP), dos bens propiedade da deputación que a continuación se describen: parcela 33-B do Polígono Industrial de Sabón cuxa superficie é de 10.028 m²., e os seus lindeiros aos catro ventos os seguintes: norte: parcela 34 do Polígono Industrial de Sabón; sur: parcela 30 do Polígono Industrial de Sabón; leste: río Arteixo; e oeste: parcela 33-A do Polígono Industrial de Sabón e a vía denominada Avenida Arsenio Iglesias.

2.- Establecer como condicións da cesión de uso as seguintes:

A.- A cesión outórgase coa finalidade exclusiva de instalar un colexio de educación infantil e primaria, que deberá estar finalizado e en uso no prazo de cinco anos a partir da entrega da posesión, transcorridos os cales sen iniciarse a actividade reverterá a parcela a esta Excm. Deputación, para o cal será suficiente coa acta notarial expresiva de que o Concello de Arteixo, a requirimento notarial, non puido xustificar o efectivo funcionamento do colexio.

B.- No caso de que por calquera razón a citada parcela deixase de destinarse á actividade para a que se cedeu, con independencia do prazo transcorrido desde a cesión, a parcela reverterá automaticamente a esta Excm. Deputación provincial.

C.- O pagamento de taxas, contribucións, impostos e demais tributos que se devenguen da segregación e, se é o caso, da cesión de uso da parcela serán de conta do Concello de Arteixo.

D.- O Concello de Arteixo asume todos os custos de conservación e de mantemento.

E.- Así mesmo, correrán por conta do Concello de Arteixo todos os impostos que afecten á parcela entrementes estea sendo utilizada polo Concello de Arteixo.

F.- A propiedade da parcela en cuestión seguirá sendo en todo momento desta Excm. Deputación provincial, sen que en ningunha forma a presente cesión sexa causa habilitadora da adquisición da propiedade a favor do Concello de Arteixo.

3.- Expoñer a información pública mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia durante un prazo de 15 días para os efectos de eventuais reclamacións.

4.- Transcorrido o devandito prazo someterase ao Pleno para resolver as reclamacións que no seu caso se formulen ou para a súa aprobación definitiva.

5.- Facultar ao presidente desta Corporación para a execución do presente acordo.”

16.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E ADACECO, ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL DA CORUÑA, COA FINALIDADE DE DOAR UN VEHÍCULO PARA TRANSPORTE DE PERSOAS CON DEFICIENCIAS FÍSICAS E PSÍQUICAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar a formalización do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Dano Cerebral da Coruña (ADACECO), coa finalidade de doar un vehículo para o transporte de persoas con deficiencias físicas e psíquicas.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA.. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E ADACECO ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL DA CORUÑA COA FINALIDADE DE DONAR UN VEHÍCULO PARA TRANSPORTE DE PERSOAS CON DEFICIENCIAS FÍSICAS E PSÍQUICAS.

Na Coruña, o

Dunha parte o Exmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Salvador Fernández Moreda.

Doutra parte a Sra. Luisa Ramírez Nisa, Secretaria de Adaceco.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

MANIFESTAN

Que ambas as dúas partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

1º.-Que a Deputación Provincial da Coruña é competente conforme á Lei 5/97, da Administración local de Galicia, art. 109 e 118, e a Lei 4/93, de servizos sociais para Galicia, art. 22-1- apartado 6, para colaborar no financiamento de equipos e programas de Servizos Sociais, de entidades de iniciativa social, que presten atención especializada conforme ao expresado nos art. 11 e 19 de dita lei, que determina entre outras áreas de actuación a de colectivos específicos con situacións carenciais e cando estes servizos se oferten con carácter supramunicipal.

A Deputación con data do 23 de decembro de 2004, asina coa entidade CHAVÓS un convenio de colaboración para o desenvolvemento sociopedagóxico da comunidade xitana con programas dirixidos a poboación infantil e formación da muller. A citada entidade adquire o vehículo matrícula 1817 DGX, e veuno destinando á fin prevista. Non obstante debido á disolución da entidade, en xaneiro de 2007, entregou o vehículo á Deputación.

2º.-A Asociación ADACECO, ten como unha das súas finalidades entre outras a de prestar servizo asistencial a persoas con problemas de deambulación, para o seu traslado a tratamentos rehabilitadores e de inserción.

Considerando que o vehículo matrícula 1817 DGX podería ser de gran utilidade para a Asociación ADACECO, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.-

O presente convenio ten por obxecto o desenvolvemento na provincia daqueles servizos que presten atención a minorías ou colectivos con necesidades específicas, concretando a actuación da Deputación provincial na cesión dun vehículo furgoneta, que lle permita á entidade facilitar o transporte a persoas con minusvalías físicas e psíquicas.

SEGUNDA.-

A Asociación ADACECO, comprométese a executar o proxecto, en cumprimento do expresado como obxecto do convenio.

A Asociación ADACECO, fará constar no vehículo e en todo tipo de información que realice respecto a isto, a colaboración da Deputación da Coruña.

Igualmente correspóndelle á Asociación ADACECO, a remisión de canto informe ou documentación se requira en cumprimento do convenio e facilitarlle a actuación dos técnicos da Deputación no seu seguimento, podendo realizar en calquera momento as comprobacións que estime oportunas para verificar o estado de conservación dos bens doados.

TERCEIRA.-

A Asociación ADACECO, deberá destinar o ben ás fins concretas para os que se lle concede o ben durante, un prazo non inferior a 4 anos, salvo caso de obsolescencia técnica, forza maior, sinistro total do vehículo ou avaría cuxo custo supere o 50% do valor do vehículo, en cuxo caso deberá comunicarllo á Deputación solicitando autorización para dispor sobre a fin do vehículo.

CUARTA.-

A entidade beneficiaria obrígase a adoptar as medidas de seguridade que sexan necesarias para a custodia dos bens doados, así como conservalos e utilzalos en perfectas condicións, sendo responsábel de calquera dano ou mingua que, por calquera causa, poidan sufrir ditos bens. Así mesmo, será responsábel de todos os danos e perdas que se produzan a terceiros como consecuencia do uso dos vehículos.

Os gastos de seguros, ITV, tributos, mantemento, reparación, combustíbel, multas por infraccións das normas de tráfico, etc..., serán a conta da entidade beneficiaria.

QUINTA.-

Calquera traslado definitivo dos bens fóra da provincia da Coruña, requirirá a autorización expresa e con carácter previo por parte da Deputación.

A recollida, traslado e devolución do ben será a custa do beneficiario, así como as baixas ou transferencias de tráfico.

SEXTA.-

En caso de incumprimento das condicións da doazón pola entidade beneficiaria, a Deputación poderá solicitarlle a devolución dos bens doados, os cales lle reverterán ao patrimonio provincial.

SÉTIMA.-

O período de vixencia do presente convenio será de non menos de 4 anos desde a súa sinatura.

OITAVA.-

O presente convenio ten carácter administrativo e rexerese polas estipulacións nel contidas, sendo competente para entender dos litixios que puidesen aparecer a xurisdición contencioso-administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas que puidesen aparecer na súa interpretación estarase ao disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no R.D. lexislativo 2/2000 polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas e nas Bases de execución do orzamento provincial.

En todo o non previsto no texto do presente convenio estarase ao disposto na Lei xeral de subvencións e en especial a obriga de estar ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, de conformidade co establecido no artigo 14.e) para a concesión e o artigo 34.5 para o recoñecemento da obriga de pagamento da citada Lei xeral de subvencións.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº con data do

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DÁ DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DA CORUÑA

A SECRETARIA DE ADACECO

Asdo.- Salvador Fernández Moreda

Asdo.- Luisa Ramírez Nisa “

17.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA DOS TERREOS E DO EDIFICIO DENOMINADO “PRISMA DE CRISTAL” E APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE CESIÓN DE USO Á ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO, PARA O SEU DESTINO A MUSEO NACIONAL DE CIENCIA E TECNOLOXÍA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º.- De conformidade co acordo aprobado polo Pleno da corporación en sesión celebrada o día 25 de xaneiro de 2007 e publicado no BOP nº 26 do 1 de febreiro de 2007, procede aprobar definitivamente o expediente de alteración de cualificación xurídica dos terreos (superficie 4.622,31 m²) , así como o edificio en construción que se sitúa neles e que pasa a denominarse “Prisma de Cristal” situado en terreos do Colexio Calvo Sotelo, Avda. de Labañou, para a súa cualificación como ben patrimonial.

2º.- Aprobar inicialmente o expediente de cesión de uso á Administración Xeral do Estado do inmovible referenciado no apartado primeiro, valorado en 13.298.396,79 euros, composto polos seguintes elementos:

A) Terreos situados na Avenida de Labañou, que se describen detalladamente no plano adxunto e cuxa valoración ascende a 3.845.484,58 euros, segundo o informe do Servizo de Arquitectura do 22-12-2006.

B) Edificio en construción (Prisma de Cristal), cuxo proxecto de execución ascendeu inicialmente a 7.939.951,18 euros.

C) A deputación asume o compromiso de rematar as obras previstas no proxecto modificado do 5-03-2007, do que figura un exemplar no expediente, por un importe de 1.512.961,03 euros.

3º.- A cesión de uso do inmovible suxéitase ás seguintes condicións:

1.- A cesión de uso outórgase coa finalidade exclusiva de que a Administración Xeral do Estado destine o edificio cedido ao Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía.

2.- A Administración Xeral do Estado poderá utilizar calquera das formas de xestión dispostas no ordenamento xurídico.

3.- O Museo deberá estar en funcionamento dentro do prazo máximo de 4 anos contado a partir da entrega do inmovible por parte da deputación Provincial da Coruña. Transcorrido o devandito prazo, sen que entre en funcionamento o Museo, o inmovible reverterá automaticamente á deputación.

4.- No caso de que por calquera causa o inmovible deixase de destinarse ao Museo Nacional da Ciencia e Tecnoloxía, con independencia do prazo transcorrido desde a cesión, o inmovible reverterá automaticamente á deputación.

5.- A Administración Xeral do Estado asume a partir da data de entrega todos os gastos de conservación e mantemento do edificio e as súas instalacións.

6.- O pagamento de todos os tributos que afectan ao citado inmovible ou á súa actividade será por conta da Administración Xeral do Estado.

7.- Os alumnos dos centros educativos da provincia terán entrada gratuíta ao futuro Museo en visitas colectivas organizadas pola Deputación Provincial da Coruña.

8.- A deputación poderá utilizar gratuitamente os espazos do Museo para a celebración de conferencias, exposicións ou actividades científicas, nas datas fixadas por mutuo acordo coa dirección do Museo.

9.- Calquera obra, agás as de conservación e mantemento deberá ser autorizada previamente e de forma expresa pola deputación.

10.- A propiedade do inmovible seguirá sendo en todo momento da Deputación Provincial da Coruña, sen que en ningún caso a presente cesión de uso sexa habilitadora da adquisición da propiedade a favor da Administración Xeral do Estado.

11.- A deputación entregará o edificio unha vez executadas as obras a que se refire a condición descrita no punto primeiro. Para estes efectos ambas partes formalizarán a correspondente acta de entrega.

4º.- Expoñer ao público, mediante a súa publicación no BOP o citado expediente de cesión durante un prazo de 15 días para os efectos de presentación de reclamacións. Transcorrido o prazo de exposición ao público, someterase de novo ao Pleno da deputación para a súa aprobación definitiva.

5º.- Facultar ao presidente para a execución do presente acordo e, se é o caso, para a sinatura dos convenios ou documentos que requiran a súa aplicación efectiva.”

18.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DA DECLARACIÓN DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS E DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS DA OBRA DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 5404 DO P.K. 3,500 AO 6,500 DE XUBIA A PRAIA DA FROUXEIRA (NARÓN-VALDOVIÑO), INCLUÍDA NO PROXECTO DA PRIMEIRA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Dar por rematada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto de ampliación e mellora do trazado da E.P. 5404 do pk. 3,500 ao 6,500 de Xubia á praia da Frouxeira (Narón-Valdoviño).

2.- Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por expoñer cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente de expropiación.

3.- Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que de lugar a realización da obra indicada, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno radio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do firme da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

19.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DA DECLARACIÓN DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS E DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS DA OBRA DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 8203 VEDRA A PONTE DE SANTA LUCÍA DO P.K. 4,700 AO 8,130 (VEDRA), INCLUÍDA NA CUARTA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-008.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Dar por rematada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto reformado de ampliación e mellora de trazado na E.P. 8203 Vedra á Ponte de Santa Lucía do PK. 4,700 ao 8,130 (Vedra).

2.- Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por expoñer cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente de expropiación.

3.- Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización da obra indicada, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tales como que:

A renovación desta estrada supoñerá unha importante mellora bastante saturada de tráfico debido á proximidade á cidade compostelá os numerosos movementos pendulares realizados a diario por motivos de traballo pola poboación que estableceu a súa residencia nestes municipios pero mantén o seu traballo na cidade de Santiago. Así mesmo, construíuse a autoestrada de Santiago-Lalín leste que obrigou ao cruzamento a distinto nivel, mediante paso elevado da E.P. 8203.

Destácase a modificación do trazado que supón a variante entre o tramo pk. 5,820 ao 6,6220 e 7,740 ao 8,540 neste proxecto ata o 8,123.

A solución adoptada consiste en aumentar o ancho da calzada (dous carrís de 3,5 m. e beiravías de 1 m.) mellorando o trazado e a sinalización para aumentar a capacidade do tráfico e a seguridade viaria en condicións de servizo aceptables (maior velocidade específica)

Dado que o terreo é ondulado conséguense pendentes por debaixo de 6,5% e introducíronse peraltes para mellorar a seguridade nas curvas, sendo posible manter en tramos de maior visibilidade específicas da orde de 70 km./h.

Foi necesario introducir variante (pk. 6060 e 7085) en zonas de valgadas que teñen actualmente radios moi pequenos.

A lonxitude acúrtase en 800 metros.

Considerouse o conxunto de beirarrúas na travesía de San Xulián de Sales (340 m2 de beirarrúa e 340 m1 bordo)

Todo iso coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

20.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DA DECLARACIÓN DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS E DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS DA OBRA DO ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO DA E.P. 5903 DE ORDES A PORTOMOURO, P.K. 8,460 AO P.K. 17,040 (TRAZO), INCLUÍDA NA QUINTA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Dar por rematada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto de ensanche, mellora de trazado e afirmado da E.P. 5903 de Ordes a Portomouro, pk. 8,460 ao 17,040 (Trazo)

2.- Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por formular cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente de expropiación.

3.- Ratificar a solicitude de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización da obra indicada, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tales como que:

A renovación desta estrada supoñerá unha importante mellora dos accesos ao municipio de Trazo e toda a zona sueste da comarca de Ordes. O tramo actual é bastante sinuoso e atravesa varios núcleos de poboación das parroquias de Campo e Xavestre.

O tramo considerado ten un ancho de calzada de 6 metros sen beiravías e acádanse radios mínimos da orde de 30 metros, dimensións inferiores ás necesidades de tráfico e os viandantes.

Deseñáronse cuñas de cambios de velocidade nas interseccións

Proxéctase unha variante para eliminar o tramo angosto entre vivendas que supoñen a travesía de Viaño Grande.

Nas zonas de travesías proxéctanse beirarrúas para mellorar a seguridade viaria e dar acceso ás vivendas pegadas á estrada.

Proxéctase unha glorieta ao pasar Agro do Mestre no pk. 8,300.

Con respecto ao alzado intentouse respectar o existente e nos tramos onde non se prevé a construción de variantes proxectouse unha nova rasante a unha cota levemente superior á actual.

Todo iso coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

21.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DA DECLARACIÓN DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS E DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS DA OBRA AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DA E.P. 4201 DE PORTOBRAVO A CONFURCO, P.K. 2,500 AO 7,700 (LOUSAME), INCLUÍDA NA QUINTA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Dar por rematada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución da obra incluída no proxecto de ampliación e mellora de trazado da E.P. 4201 de Portobravo a Confurco pk. 2,500 ao 7,700 (Lousame)

2.- Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por formular cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente de expropiación.

3.- Ratificar a solicitude de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia dos bens e

dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización da obra indicada, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tales como que:

A renovación desta estrada supoñerá unha importante mellora dos núcleos de Portobravo e Beluso ademais de supoñer unha alternativa para a comunicación entre Lousame e Noia.

O tramo actual é bastante sinuoso e atravesa varios núcleos de poboación de Aldea Grande, Lousame e Chave.

O tramo considerado ten un ancho de calzada de 5 metros sen beiravías e acádanse radios mínimos da orde de 25 metros, dimensións inferiores ás necesidades do tráfico e os viandantes.

O trazado cinguirase, na medida do posible, á existente, aínda que cabe destacar que debido aos reducidos radios e a sinuosidade do trazado actual faise necesario deseñar numerosas variantes. O trazado estará tamén condicionado polos asentamentos de poboación nas marxes da vía nas que se manterán as condicións do trazado actual. Con respecto ao alzado intentouse respectar o existente e nos tramos onde non e prevé a construción de variantes proxectouse unha nova rasante a unha cota levemente superior á actual.

Todo iso coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

22.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DA DECLARACIÓN DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS E DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS DA OBRA DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO NA E.P. 5602, P.K. 0,00 AO 6.360 NEGREIRA A PONTE NAFONSO (NEGREIRA), INCLUÍDA NA SEXTA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Dar por rematada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto de ampliación e mellora do trazado da E.P. 5602 PK. 0,00 ao 6,360 Negreira a Ponte Nafonso (Negreira)

2.- Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por formular cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente de expropiación.

3.- Ratificar a solicitude de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que de lugar a realización da obra indicada, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tales como que:

A renovación da estrada supoñerá unha importante mellora para a rede viaria local da zona, mellorando en gran medida a comunicación entre os núcleos de Negreira e Ponte Nafonso.

O tramo actual é moi sinuoso nalgunhas zonas polas que discorre nas inmediacións dos núcleos de poboación de Negreira, Maio Grande, Gonte ou Trece, o cal preténdese resolver mediante un trazado na variante onde isto sexa necesario (pk. 0,790 ao 1,190; 2,680 ao 3,440; 4,160 ao 4,300; 5,700 ao 5,820) e cunha lixeira modificación dos radios das curvas dos pk. 4,750, 5,090 e 5,280.

O ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos. O tramo do proxecto comeza unha vez pasadas as últimas casas da poboación de Negreira. Na actualidade a estrada presenta unha sección tipo cunha calzada de 5 metros de ancho e sen beiravías en todo o tramo. Debido a que no comezo do tramo o número de edificacións é elevado situaranse beirarrúas á esquerda (pk. 0,040 a 0,235) e beirarrúas á dereita do pk. 0,235 ao 0,481.

En relación ao trazado alternáanse tramos rectos de pouca lonxitude con outros tramos moi sinuosos, alcanzándose radios mínimos da orde dos 45 metros.

Ao longo do trazado existen numerosas interseccións con vías de menor tráfico que se resolverán como accesos simples con abanos.

Proporcionar maior seguridade aos viandantes á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos, todo iso tendo en conta que a estrada transcorre por zonas poboadas e con accesos por ambas bandas.

Todo iso coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

23.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DA DECLARACIÓN DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS E DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS DA OBRA DO ENSANCHE, MELLORA DO TRAZADO E AFIRMADO DA E.P. 0603 DE BOIMORTO A ORXAL POLA MOTA, P.K. 1,300 AO 10,400 (BOIMORTO E ARZÚA), INCLUÍDA NO PROXECTO DA SÉTIMA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Dar por rematada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto de ensanche, mellora de trazado e afirmado da E.P. 0603 de Boimorto a Orxal pola Mota pk. 1,300 ao 10,400 (Boimorto e Arzúa)

2.- Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por formular cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente de expropiación.

3.- Ratificar a solicitude de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia dos bens e

dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización da obra indicada, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tales como que:

A renovación da estrada supoñerá unha importante mellora para a rede viaria local da zona, mellorando en gran medida a comunicación entre os núcleos de Boimorto, A Gándara e a localidade de Pontecarreira (a máis poboada do municipio de Frades), constituíndo a principal vía de acceso á zona oeste do propio municipio de Boimorto. O tramo actual discorre basicamente pola divisoria de augas entre as cuncas dos ríos Tambre ao norte e Ulla, polo que o seu trazado atravesa unha zona amesetada que en xeral ten pouca pendente e na que abundan os tramos rectos.

O ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, é bastante escaso, cunha calzada en torno aos 5 metros, sen liñas horizontais nin separación de carrís. Proxéctase un ancho de dous carrís de 3,5 metros, beiravías de 1 metro e cunetas de 1 metro de ancho. Nas inmediacións da ermida da Mota a sección da estrada reducirase e presentará 3 carrís de 3 metros de ancho e beiravías de 0,5 metros.

A estrada discorre por zonas marcadamente rurais. Débese ter en conta que discorre por zonas onde se realizou recentemente a concentración parcelaria polo que hai moitas interseccións, actuando como vía distribuidora que comunica coas pistas de concentración ás aldeas da contorna e ás diferentes explotacións gandeiras. A estrada atravesa diversas entidades de poboación, se ben ningunha delas conforma unha travesía de certa entidade: Cardeiro, Brates, Sendelle e Mercurín (Boimorto) e Campo (Arzúa)

co novo trazado preténdese proporcionar maior seguridade aos viandantes á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos, todo iso tendo en conta que a estrada transcorre por zonas poboadas e con accesos por ambas bandas ás pistas de parcelaria e ás explotacións gandeiras.

A intensidade media do tráfico que aumentou nos últimos anos. Proporcionar maior seguridade aos viandantes á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos.

Todo iso coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

24.- RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DA DECLARACIÓN DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN A QUE DEA LUGAR A REALIZACIÓN DAS OBRAS E DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS DA OBRA DO ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO E AFIRMADO NA E.P. 1707 DE OLEIROS A PRAVIO NO P.K. 0,000 AO P.K. 1,500 (OLEIROS), INCLUÍDA NA SÉTIMA RELACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2006-2008.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Dar por rematada a fase de información pública no expediente de expropiación que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto de ensanche, mellora de trazado e afirmado da E.P. 1707 de Oleiros a Pravio pk. 0,000 ao 1,500 (Oleiros)

2.- Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por formular cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente de expropiación.

3.- Ratificar a solicitude de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización da obra indicada, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tales como que:

A renovación desta estrada supoñerá unha importante mellora na comunicación dos núcleos de Oleiros a Pravio. Servirá ademais de nexo de comunicación entre os distintos núcleos de poboación que se localizan ao sueste de Oleiros. Ademais, a mellora desta estrada axudará ao desenvolvemento do parque empresarial de Iñás que se situará na parte final do tramo obxecto deste proxecto.

O tramo non é demasiado sinuoso, polo que a mellora de trazado se limitará a zonas puntuais, o cal resulta complicado dado o gran número de casas a ambas marxes. Todo o tramo dispón de carrís de 3 metros e ata o pk. 0,150 beiravías en ambas marxes nunca inferiores a 0,5 metros. A partir do pk. 0,150 ao final non hai beiravías en ningunha das marxes.

Entre os pk. 0,000 ao 0,415 proxéctanse dous carrís de 3 metros de ancho, con beiravías de 0,5 metros e beirarrúas a ambos lados de 1,5 metros. A partir do pk. 0,415 a sección está formada por carrís de 3 metros de ancho, beiravía dereita de 0,5 metros (xa existe unha beirarrúa nesta marxe) e beiravía esquerdo de 1 metro.

O estado do firme da estrada

A intensidade media do tráfico que aumentou nos últimos anos.

A existencia de camiños e estradas que acceden con interseccións mal acondicionadas e perigosas. Acondicionaranse coa fin de dotalas de maior visibilidade.

Proporcionar maior seguridade aos viandantes á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos.

Todo iso coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

25.- APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2007, 1ª FASE INTEGRADO POLA OBRA COMPLEMENTARIO Nº 1 ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS DA SEGURIDADE VIARIA E MEDIOAMBIENTAIS NA TRAVESÍA E.P. 7202 RIANXO A BURES POR ASADOS (RIANXO).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente o Plan de travesías 2007, 1ª fase, integrada polo proxecto que se relaciona por ser o que se axusta ao disposto no Texto refundido das

bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se han de incluír nas distintas fases do Plan de travesías provinciais 2004-2007

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
7.1130.0001.0	COMPLEMENTARIO Nº 1 ACTUACIÓN COMPLEMENTARIAS DE SEGURIDADE VIARIA E MEDIOAMBIENTAIS NA TRAVESÍA E.P. 7202 RIANXO A BURES POR ASADOS (RIANXO)	97.353,35
	TOTAL	97.353,35

2.- Expoñer ao público, unha vez aprobado provisionalmente, por un prazo de 10 días para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e o proxecto que o integra no caso de non presentárense reclamacións.

3.- Polo que se refire á contratación das obras, esta será obxecto de expediente independente que se tramitará unha vez que se aprrobe definitivamente o plan.”

26.- APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2007, 3ª FASE QUE INCLÚE O PROXECTO DE CANALIZACIÓN DO RÍO MAIOR BAIXO A E.P. 0813 SADA A ARMUÑO.

Por unanimidade, apróbbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar o Plan de vías provinciais 2007, 3ª fase, integrado polo proxecto que a continuación se relaciona e tomar en consideración os proxectos incluídos nestes, cun orzamento total de 198.020,72 euros con cargo á partida 0401/511B/61102:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
07.1110.0009.0	CANALIZACIÓN DO RÍO MAIOR AO SEU PASO BAIXO A E.P. 0813 DE SADA A ARMUÑO (BERGONDO)	198.020,72
	TOTAL	198.020,72

2.- Expoñer ao público o proxecto mediante anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

27.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2007, 3ª FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO DE TRAVESÍA DE PASTORIZA A MACEIRA, E.P. 0502, REMODELACIÓN E SUPRESIÓN DE BARREIRAS (ARTEIXO).

Por unanimidade, apróbbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar inicialmente o Plan de travesías 2007, 3ª fase, cun orzamento total de 216.944,42 euros e que é a que a continuación se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
07.1130.0004.0	TRAVESÍA DE PASTORIZA A MACEIRA NA E.P. 0502 REMODELACIÓN E SUPRESIÓN DE BARREIRAS (ARTEIXO)	216.944,42
	TOTAL	216.944,42

Esta aprobación inicial ten o carácter de mera programación, que non xera, polo tanto, ningún compromiso económico nin de execución para a deputación ata que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprobe definitivamente o plan ou a súa correspondente fase.

2.- Remitir os citados proxectos aos concellos correspondentes para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos que se han incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2004-2007, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 28 de abril de 2005 (BOP 107/12-05-05).”

28.- RATIFICACIÓN DE R.P. Nº 3175 DE 2006, RELATIVA Á MODIFICACIÓN DO CONVENIO “IMPLEMENTACIÓN CENTROS DE PROVISIÓN EN MANABI (ECUADOR)”.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Ratifica-la resolución da Presidencia nº 3175 do seis de marzo 2007, relativa á modificación do convenio “Implementación centros de provisión en Manabi (Ecuador)”.

29.- RATIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS NO TEXTO DO CONVENIO RELATIVAS Á URBANIZACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DAS LAGOAS (NARÓN).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Analizadas as modificacións do texto do convenio administrativo relativo a urbanización do polígono industrial das Lagoas (Narón), asinado o pasado 28 de decembro de 2006 entre os representantes da Consellería de Vivenda e Solo, a Consellería de Industria, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (I.G.V.S), o Concello de Narón e a Deputación Provincial da Coruña, acórdase :

1º.-Aprobar as modificacións que non supoñen modificacións substanciais respecto do texto aprobado polo Pleno da Deputación na súa sesión do 22 de decembro de 2006.

As modificacións son as seguintes:

1.- Na cláusula cuarta, na que quedou fixada a achega dos diferentes axentes financiadores da obra de urbanización a que vai referido o convenio, suprimíronse as referencias expresas ás porcentaxes de financiamento da obra que lle corresponden a cada un deles.

2.- Na cláusula cuarta do convenio asinado figuran cantidades diferentes referidas ás previsións das achegas das administracións asinantes. O cadro resumo das diferenzas é o seguinte:

Administración	Anualidade	Conv. Deputación	Convenio asinado
Cons. Innovación	2.007	333.000	273.000
“	2.009	283.000	343.000
Deputación	2.006	295.000	290.000
“	2.008	290.000	295.000

A modificación introducida obrigará a cambiar as previsións de gasto das anualidades ás que van referidas para realiza-la adecuación co texto asinado.

3.- Na cláusula sexta omitiuse a porcentaxe de financiamento da obra que lle corresponde ao Concello de Narón.

4.- Na mesma cláusula sexta modificouse o prazo final a que será referido o trámite de presentación das certificacións da obra xustificativas da súa execución, para fixalo no 31 de decembro e non no 10 do mesmo mes. .

5.- Tamén na cláusula sexta se omitiron os dous últimos parágrafos referidos aos trámites internos da Deputación previos ó aboamento da achega provincial.

6.- Na cláusula sétima introdúcese un inciso final no terceiro parágrafo no que queda detallado de forma máis precisa o réxime normativo do trámite da eventual prórroga da vixencia do convenio e, polo tanto, do mantemento das achegas da Xunta de Galicia e do resto de axentes cofinanciadores do convenio. A adición do texto non supón cambio ningún e non modifica os compromisos e contidos asumidos polas administracións asinantes.

7.- O último cambio que se ha considerar radica nas citas legais a que fan referencia as obrigas formais que han cumprir as administracións asinantes do convenio.

2º.- Ratifica-la referencia ó anexo a que vai referido o convenio nos termos incorporados no seguinte cadro:

ANEXO	PRESUPOSTO DE GASTOS
Estrada de Cedeira	575.600,46
Urbanización polígono As Lagoas	4.042.478

As achegas da Deputación ó investimento determinados no convenio son referidos exclusivamente á Urbanización do polígono As Lagoas”

3º De acordo co anterior o texto definitivo do convenio queda como segue:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO, A CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE NARÓN

En Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2006.

R E U N I D O S

Dunha parte, a Sra. conselleira de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia e presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo, Dna. Teresa Táboas Veleiro, actuando en nome e representación deste.

Doutra parte, a Consellería de Innovación e Industria, e no seu nome e representación o conselleiro de Innovación e Industria, D. Fernando Xabier Blanco Álvarez ; nomeados todos eles polo Decreto 213/2005, do 3 de agosto, da Xunta de Galicia, e, en virtude das facultades que lles confire o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra parte, a Deputación Provincial da Coruña, e no seu nome e representación, D. Salvador Fernández Moreda, segundo o disposto no artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 29 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Doutra parte, o Concello de Narón, e no seu nome e representación o seu alcalde presidente, D. Xoán Gato Díaz, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Tódalas partes se recoñecen, no concepto no que respectivamente interveñen, coa capacidade legal necesaria para asinar o presente convenio de colaboración, e para o efecto

E X P O Ñ E N

Que o Instituto Galego da Vivenda e Solo (I.G.V.S.) é un organismo autónomo, adscrito á Consellería de Vivenda e Solo, creado pola Lei 3/1988 do 27 de abril para a

realización da política de solo da Xunta de Galicia na que se enmarca a promoción urbanística e a actividade urbanizadora, a que pode levar a cabo directamente ou mediante as empresas públicas por el participadas, subscribindo para o efecto os oportunos convenios.

Así mesmo, de conformidade co artigo 225-2 b) da Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, é o organismo autónomo con competencias na materia de xestión urbanística dentro dos órganos da Administración autonómica.

Que a Consellería de Innovación e Industria ten encomendada, entre outras, a execución da política da Xunta de Galicia en materia de desenvolvemento industrial da Comunidade Autónoma.

Que segundo se establece tanto na Lei 7/1985, do 20 de abril, reguladora das bases do réxime local, como na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, as deputacións provinciais e os concellos teñen atribuídas, nos seus respectivos ámbitos territoriais, competencias relativas á xestión e fomento dos intereses propios da provincia e do municipio, e correspondéndolle á Xunta de Galicia a prestación de cooperación e asistencia activa que outras administracións poidan precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas, conforme ó establecido polo artigo 55.d) en relación cos artigos 10.1 e 57 da antedita Lei 7/1985 e no artigo 195 da referida Lei 5/1997, contéplase a figura do convenio administrativo coma un instrumento xurídico adecuado para a colaboración das administracións locais e autonómicas nos asuntos de interese común.

Que a Deputación Provincial da Coruña ten atribuída a competencia de prestar asistencia técnica e económica ós concellos da provincia na prestación dos servizos de competencia municipal.

A Lei de administración local de Galicia nos seus artigos 109 e 118 establece que:

Artigo 109.

Serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis. As competencias propias exerceranse en réxime de autonomía.

Son competencias propias, en calquera caso, as seguintes:

(...) d) En xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia

Artigo 118.

Compételles ás deputacións provinciais rexer e administra-los intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos que teñan por obxecto o seu fomento: (...)

Polo anteriormente exposto, as partes relacionadas no encabezamento, de acordo cos principios de colaboración, cooperación e coordinación ós que deben de axusta-la súa actuación as administracións públicas galegas, e, en exercicio das competencias que lle son propias, acordan a formalización do presente convenio en base ás seguintes

ESTIPULACIONES

Primeira.- O presente convenio ten por obxecto articular as relacións de colaboración entre as partes tendentes a posibilitar a execución das obras de urbanización para a mellora das infraestruturas do Polígono Industrial de “As Lagoas” en Narón.

Segunda.- Para os efectos do presente convenio o proxecto comprenderá as obras de infraestrutura e viais que figuran no estudo redactado pola empresa de enxeñería *Proyfe* a petición do Concello de Narón. Segundo o estudo o orzamento previsto ascende a 4.038.842,75 euros.

Terceira.- O Concello de Narón realizará o encargo dos proxectos técnicos necesarios para executar as obras. Así mesmo contratará as obras, a dirección de obra, e aprobarán as hipotéticas modificacións de contratos, complementarios, revisións de prezos e liquidacións, que sexan precisas para o completo desenvolvemento do obxecto do convenio.

Cuarta.- Con independencia do orzamento total das actuacións que se han levar a cabo ao abeiro do convenio, as partes asinantes, agás o Concello de Narón, comprométense a financiar as obras ata un máximo total de tres millóns de euros (3.000.000, 00 €).

As administracións asinantes cofinanciarán ditas actuacións do xeito seguinte:

1.- O Instituto Galego da Vivenda e Solo achegará a cantidade dun millón de euros (1.000.000,00 €), IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 17.90.331.A.760.00, de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

2007.....	300.000,00 €
2008.....	350.000,00 €
2009.....	350.000,00 €

As achegas económicas do IGVS quedan condicionadas a existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do presente convenio de conformidade coa orde do 11 de febreiro de 1998 sobre tramitación de expedientes anticipados de gasto.

2.- A Consellería de Innovación e Industria achegará a cantidade dun millón de euros (1.000.000,00 €), IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 10.03.622-A.760.0 de acordo coa seguinte distribución, nas anualidades e importes que de seguido se expresan:

2006.....	50.000,00 €
2007.....	273.000,00 €
2008.....	334.000,00 €
2009.....	343.000,00 €

3.- A Deputación Provincial da Coruña achegará a cantidade dun millón de euros (1.000.000,00 €), IVE incluído, de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

2006.....	290.000,00 €
2007.....	295.000,00 €
2008.....	295.000,00 €
2009.....	120.000,00 €

Quinta.- O Concello de Narón, con cargo ós seus orzamentos, achegará a cantidade precisa para a finalización completa da redacción dos proxectos, as execucións das obras, e as hipotéticas modificacións, complementarios, revisións de prezos e liquidacións, que sexan precisas para o completo desenvolvemento do obxecto do convenio.

Para estes efectos o concello asumirá estimativamente, e sen prexuízo de maiores concrecións unha vez redactados os proxectos técnicos, o financiamento dun millón trinta e oito mil oitocentos corenta e dous euros con setenta e cinco céntimos (1.038.842,75 €) IVE incluído e de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

2006.....	333.000,00 €
2007.....	333.000,00 €
2008.....	334.000,00 €
2009.....	38.842,75 €

As achegas das administracións cofinanciadoras do presente convenio enténdense fíxas e invariables no senso de que non poderá experimentar incremento de calquera tipo de gasto derivado de obras complementarias, proxectos modificados, liquidacións de obra, contratos conexos ou calquera outro.

Se a adjudicación definitiva das obras contivera unha baixa con respecto ao orzamento xeral, sufrirán igualmente a baixa correspondente tódolos conceptos en que se detalla dito orzamento, agás os honorarios correspondentes aos facultativos encargados da dirección e inspección das obras e os gastos de xestión de obra e control de calidade. A distribución das baixas repercutiríanse entre tódalas administracións asinantes do convenio de xeito proporcional á súa achega inicial.

O importe que se ha librar será o porcentual que para cada obra aparece reflectido no presente convenio respecto do total xustificado. No suposto de non xustificarse a totalidade do gasto previsto, minoraranse as achegas das partes aplicando o coeficiente de financiamento ao importe realmente xustificado. No caso de que os gastos xustificadas foran superiores ao orzamento da actividade, as achegas non superarán a cantidade máxima da establecida no presente convenio.

Sexta.- As partes asinantes aboaranlle ao Concello de Narón o importe das certificacións de obra unha vez aprobadas polo órgano competente do concello.

O concello asumirá o financiamento que exceda do 75% das certificacións de obra e aboaralles a totalidade aos contratistas.

Para estes efectos a Consellería de Innovación e Industria, a Deputación provincial e o I.G.V.S. realizarán o aboamento do 25% do importe certificado polo concello por agrupacións de certificacións nos seguintes períodos; 1 de xaneiro ao 31 de marzo, 1 de abril ao 30 de xuño, 1 de xullo ao 30 de setembro e 1 de outubro ao 10 de decembro de cada ano

agás no ano 2006 no que os períodos que se han certificar agruparanse nos períodos que van dende a sinatura do convenio ao 31 de decembro.

Os aboamentos realizaranse polo importe máximo comprometido para cada anualidade por cada unha das partes.

Para o caso de que o 25% do total certificado nunha anualidade superase os compromisos establecidos para cada exercicio o exceso imputaráselle ao exercicio seguinte, servindo de xustificación as mesmas certificacións na parte non satisfeita por esgotamento dos compromisos anuais.

Sétima.- O período de vixencia do convenio comezará o día seguinte ao da súa sinatura e enténdese ata o 31 de decembro de 2009, sen prexuízo de prorrogar o dito período en virtude de causa debidamente xustificada.

De producirse causa xustificada, e sen que para iso sexa precisa autorización previa do Consello da Xunta de Galicia, e dos Plenos do Concello de Narón e da Deputación da Coruña o réxime de anualidades previsto poderá ser obxecto de reaxuste en anualidades posteriores, tendo en conta as disponibilidades orzamentarias, e sempre que iso non implique exceder o período de vixencia establecido nin que os reaxustes de anualidades superen as porcentaxes establecidas no artigo 58 do Texto refundido do réxime financeiro e orzamentario. En caso contrario será preceptivo o acordo expreso do Consello da Xunta a proposta do conselleiro de Economía e Facenda, de acordo co artigo 58.6.

Oitava.- Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio constituirase unha comisión integrada por un representante de cada unha das institucións asinantes.

A Comisión de Seguimento e Control informará ás partes sobre os acordos de modificacións ou variacións que poidan producirse na execución do proxecto conforme ás limitacións da normativa vixente que sexa de aplicación. Cando estas impliquen modificación do orzamento as administracións asinantes non asumirán compromisos económicos que impliquen incrementar a contía dos compromisos establecidos na cláusula cuarta.

Novena.- Son causas de resolución do presente convenio:

- 1.- O seu incumprimento total ou parcial.
- 2.- O transcurso do tempo estipulado sen que se cumpran os obxectivos previstos, agás causa debidamente xustificada.

Décima.- Ao presente convenio non lle será de aplicación a lexislación de contratos do Estado, conforme ó disposto no artigo 3.1 c) do R.D. lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas, coa salvidade, segundo o apartado 2 do mesmo artigo, da aplicación supletoria dos principios da lei para resolver-las dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.

-245

O seu réxime xurídico ven determinado, con carácter xeral, polas seguintes normas:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos declarados básicos na disposición final primeira e o Real decreto do 21 de xullo que o desenvolve.

- Decreto 287/2000, do 21 de novembro, que desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da comunidade autónoma.
- Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, Texto refundido aprobado por decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

O beneficiario da subvención terá as obrigas recollidas no artigo 78 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, Texto refundido aprobado por Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da comunidade autónoma, coa obriga do reintegro, total ou parcial da subvención no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

O beneficiario está obrigado a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da comunidade autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

O importe das subvencións non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que legalmente se estableza.

O réxime xurídico aplicable a este convenio complétase coa Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local (artigos 10 e 57) e coa Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, que contempla a colaboración entre as entidades galegas e a Xunta de Galicia, prevendo que dita colaboración se instrumente mediante convenios (artigo 194 e ss.).

Segundo o artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas da Administración Galega, que se refire aos convenios de colaboración e impón determinadas obrigas en canto a súa publicidade, requíreselle autorización previa do Consello da Xunta.

A resolución das posibles controversias que se puideran suscitar por incumprimento ou interpretación das súas cláusulas resolveranse, en defecto de acordo entre as partes, e dado o carácter administrativo do convenio, pola xurisdición contencioso-administrativa (artigo 8.3 da Lei 30/1992).

En proba de conformidade, asínase o presente convenio, en exemplar quintuplicado, no lugar e data antes citados.

A PRESIDENTA DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO O CONSELLEIRO DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- M^a Teresa Táboas Veleiro -

- Fernando Xabier Blanco Álvarez

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN,
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO
CONCELLO DE NARÓN

- Salvador Fernández Moreda -

- Xoán Gato Díaz - “

30.- MODIFICACIÓN DA ACTUACIÓN DA 3ª E 4ª ANUALIDADE DO PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DA COSTA DA MORTE.

Por unanimidade, apróbese o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar os cambios das anualidades terceira e cuarta do plan, aprobados pola Comisión de Seguimento do Plan de Dinamización Turística de Costa da Morte, na reunión celebrada o 12 de febreiro 2007:

ACTUACIÓNS QUE DAN A BAIXA EN TERCEIRA E CUARTA ANUALIDADE.

ACTUACIÓN	PRESUPOSTO
CASA DO PENDÓN	En 3ª anualidade 105.412,00 €
CASA DO PENDÓN	En 4ª anualidade 79.508,00 €

ACTUACIÓNS QUE DAN A ALTA EN 3ª ANUALIDADE

ACTUACIÓNS novas en 3ª anualidade	PRESUPOSTO
Rehabilitación Pasarela Ézaro - Dumbría	27.065,75 €
Liquidación obra Iluminación contorno Ézaro - Dumbría	6.457,78 €
Liquidación obra praias quilométricas	4.414,83 €
Revisión e reimpresión Guía de servizos	10.920,00 €
Material náutico - axudada complementaria-	40.000,00 €
Sendeiro Fonte da Tella - Muxía	3.408,21 €
Liquidación obra Pazo da Cultura de Carballo	13.145,43 €

ACTUACIÓNS QUE DAN A ALTA EN 4ª ANUALIDADE

ACTUACIÓNS novas en 4ª anualidade	PRESUPOSTO
Sendeiro Caldeiras do Castro - Muxía	27.065,75 €
Plataforma SIG e pantallas táctiles	60.000,00 €
Plan de formación empresarial	10.000,00 €
Baixas pendentes de utilizar	3.664,65 €

Causa baixa definitiva a actuación plurianual “Execución da obra Casa do Pendón” debido a falta dos permisos necesarios por parte da Consellería de Política Territorial, Departamento de Costas de Galicia. (105.412,00 € de 3ª anualidade e 79.508,00 € de 4ª anualidade)

Dita actuación estaba imputada ó seguinte **RC: 9018 nº de operación 220050033347**.

Danse de alta as seguintes actuacións e impútanse o **RC: 9018 nº de operación 220050033347**.

ACTUACIÓNS novas en 3ª anualidade	PRESUPOSTO
Rehabilitación Pasarela Ézaro - Dumbría	27.065,75 €
Liquidación obra Iluminación contorno Ézaro - Dumbría	6.457,78 €
Liquidación obra praias quilométricas	4.414,83 €
Revisión e reimpresión Guía de servizos	10.920,00 €
Material náutico - axuda complementaria-	40.000,00 €
Sendeiro Fonte da Tella - Muxía	3.408,21 €
Liquidación obra Pazo da Cultura de Carballo	13.145,43 €

ACTUACIÓNS novas en 4ª anualidade	PRESUPOSTO
Plataforma SIG e pantallas táctiles	60.000,00 €
Plan de formación empresarial	10.000,00 €
Baixas pendentes de utilizar	3.664,65 €

Á seguinte actuación que se lle dá a alta na 4ª anualidade impútase o seguinte **RC: 2007 nº de operación 22007000901**.

Sendeiro Caldeiras do Castro - Muxía	27.065,75 €
--------------------------------------	-------------

As anualidades do Plan de dinamización turística da Costa da Morte quedan como se reflicten nos seguinte cadros:

Nº de actuación	Actuacións 3ª anualidade	Investimento inicial	Altas	Baixas	Investimento final
1	Xerencia	71.250,00			71.250
2	Estudo de demanda e perfil turístico	13.920,00			13.920,00
3	Oficinas de Turismo	19.028,14			19.028,14
		6.550,47			6.550,47
4	Conxunto etnográfico de Toba	31.000,00			31.000,00
5	Iluminación de Monumentos - Ponteceso	10.800,00			10.800,00
6	Estudo de viabilidade de creación de Ente Xestor	6.960,00			6.960,00
7	Plan de accesibilidade persoas con mobilidade reducida	16.800,00			16.800,00
8	Pasarela pional fervenza do Xallas	49.616,25			49.616,25
9	Reitoral de Golmar				
	Dirección de obra de Golmar	11.975,00			11.975,00
	Execución de obra	106.578,31			106.578,31
10	Pazo da Cultura de Carballo	28.763,08			28.763,08
11	Muíños de Ardeleiro fase II				
	Execución	46.211,54			46.211,54
	Dirección de obra	1.930,63			1.930,63
12	Talleres de concienciación	10.138,40			10.138,40
13	Iluminación de monumentos (Moraiame e Fisterra)	55.000,00			55.000,00
		38.026,11			38.026,11
14	Concurso de fotografía	6.000,00			6.000,00
15	Cursos medioambientais	10.000,00			10.000,00
16	Publicación de guías e estudos				
	Guía de servizos	9.025,00			9.025,00
	Guía polos faros de Costa da Morte	11.440,00			11.440,00
17	Ruta de faros - execución	84.078,29			84.078,29
18	Infraestruturas náuticas				
	Casetas	52.826,40			52.826,40
	Material náutico	127.173,60			127.173,60
19	Ruta dos miradoiros - Execución	88.025,00			88.025,00
20	Sinalización I				
	Sinalización direccional	29.979,10			29.979,10
	Sinalización patrimonial	59.990,64			59.990,64
21	Plan de calidade	44.892,00			44.892,00
22	Domus Atlántica	31.620,77			31.620,77
23	Aldea de Madeira	121.000,00			121.000,00
24	Gastos varios	18.363,00			18.363,00
25	Casa do Pendón				
	Redacción proxecto	15.080,00			15.080,00
	Execución obra	105.412,00		105.412,00	
26	Baixas 3ª an. Torres do Allo	90.008,43			90.008,43
27	Baixas 3ª an. Reitoral do Couto	61.521,84			61.521,84
28	Rehab. Pasarela Ézaro		27.065,75		27.065,75
29	Liquidación obra ilumin. Ézaro		6.457,78		6.457,78
30	Liquidación obra praias quilométricas		4.414,83		4.414,83
31	Guía de servizos revisión e reimpresión		10.920,00		10.920,00
32	Material náutico (axuda complementaria)		40.000,00		40.000,00
33	Sendeiro Fonte da Tella		3.408,21		3.408,21
34	Liquidación obra Pazo da Cultura Carballo		13.145,43		13.145,43
	TOTAL	1.490.984,00	105.412,00	105.412,00	1.490.984,00

Nº de actuación	Actuacións 4ª anualidade	Investimento inicial	Altas	Baixas	Investimento final
1	Xerencia	71.250,00			71.250,00
2	III Concurso de Fotografía	6.000,00			6.000,00
3	Sinalización Conx. Hco-Artístico de Corcubión				
	Estudo	7.000,00			7.000,00
	Execución	8.000,00			8.000,00
4	Paquetes turísticos	10.000,00			10.000,00
5	Aldea de madeira				
	Obra	57.903,06			57.903,06
	Mobiliario	63.096,94			63.096,94
6	Rehabilitación Museo Bergantiños	90.150,50			90.150,50
7	Áreas de servizos para Autocaravanas	30.000,00			30.000,00
8	Material náutico Malpica e Corcubión)	30.000,00			30.000,00
10	Congreso Fins do Mundo	30.729,14			30.729,14
11	Domus Atlántica	110.000,00		21.222,40	88.777,60
12	Plan de comunicación				
	Comunicación interna	185.600,00			185.600,00
	Comunicación externa	131.200,00			131.200,00
	Fitur 2007	15.000,00			15.000,00
	Plan de medios	168.200,00			168.200,00
13	Mantemento páxina web	24.000,00			24.000,00
14	Gastos varios	14.359,17			14.359,17
15	Reitoral do Couto	118.503,19			118.503,19
16	Casa do Pendón	79.508,00		79.508,00	
17	Acondicionamento sendeiro Caldeiras do Castro - Muxía		27.065,75		27.065,75
18	Plataforma SIG e pantallas táctiles		60.000,00		60.000,00
19	Plan de formación empresarial		10.000,00		10.000,00
	Baixas pendentes de utilizar		3.664,65		3.664,65
	TOTAL	1.250.500,00	100.730,40	100.730,40	1.250.500,00

Tódalas actuacións citadas da terceira e cuarta anualidade son financiadas con cargo á partida 0305/751A /628.00. CÓDIGO DE PROXECTO 2003 3 800010 8 1.”

31.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE AXUDAS AOS CONCELLOS PARA MANTEMENTO DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE INTERVENCIÓN RÁPIDA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Concederlles unha axuda aos concellos de: Arteixo, Arzúa, Betanzos, Boiro, Boqueixón, Brión, Carballo, Cee, Miño, Noia, Ordes, Ortigueira, As Pontes, Riveira, Santa Comba e Vimianzo, o sostemento dun Grupo Municipal de Intervención Rápida por unha contía de 45.000,- euros por concello, e por tanto un total de 720.000,- euros.

Os concellos deberán xustificar a subvención mediante certificación dos gastos totais realizados, deducíndose deles as cantidades percibidas pola Consellería de Familia para tal fin e, se é o caso, por calquera outra administración pública ou privada.

Así mesmo deberán estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, debendo autorizar a Deputación para que poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións.

O gasto total certificado deberá ser superior ou igual ás cantidades concedidas, ó concello para tal fin pola Deputación, Consellería de Familia e por calquera outra administración pública ou privada, no caso de que a cantidade xustificada non acade a suma dos importes percibidos, aboarase a diferenza do percibido e o efectivamente gastado, e no caso de exceder esa cifra a Deputación aboará como máximo a cantidade concedida.

A formalización da axuda levarase a cabo mediante un convenio:

Nº /2007

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PARA O SOSTEMENTO DUN GRUPO MUNICIPAL DE INTERVENCIÓN RÁPIDA.

Na Coruña o de dous mil sete

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

O Sr. Don, Alcalde-Presidente do Concello de

EXPOÑEN

- 1.- Que ámbalas dúas partes se recoñecen plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.
- 2.- Que a Deputación da Coruña, tendo entre as súas competencias o fomento e a administración dos intereses peculiares da súa provincia, está interesada na colaboración cos concellos no sostemento de Grupos Municipais de Intervención Rápida (GMIR), que é un corpo enmarcado dentro da seguridade civil dos municipios e que teñen como principal función ter unha infraestrutura altamente operativa que permita dar resposta inmediata ante situacións de emerxencia que impliquen riscos para as persoas ou os bens materiais das áreas dos distintos concellos.
- 3.- Que a Deputación da Coruña non dispón dos medios persoais nin materiais axeitados para afrontar esta tarefa.
- 4.- Que os GRUMIR levan actuando dende agosto de 1997 coa colaboración da Xunta de Galicia e máis a FEGAMP.
- 5.- Que o presente convenio é consecuente coas liñas de actuación que a Deputación vén realizando nas materias de protección civil e campañas de prevención de incendios.

Por todo isto e coa fin de establece-las condicións de colaboración necesarias e acadalo fin proposto, a Deputación da Coruña e o Concello de acordan subscribi-lo presente convenio segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA .-OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a colaboración cos concellos no sostemento dun Grupo Municipal de Intervención Rápida, en orde a conseguila inmediata resposta a situacións de emerxencia en: incendios forestais e urbanos, accidentes de tráfico, inundacións, primeiros auxilios, asistencia domiciliares, apoio en materia de seguridade viaria, actividades medioambientais, cooperación en axudas humanitarias e cantas outras supoñan dar resposta ás emerxencias do municipio.

En ningún caso formarán parte do obxecto do presente convenio actividades ou investimentos que sexan incluídas noutros plans ou programas provinciais.

SEGUNDA.- OBRIGAS

O concello de ten creado un Grupo Municipal de Intervención Rápida composto por: un responsábel encargado da coordinación técnica, un xefe de grupo, encargado da coordinación dos operativos do grupo, dous capataces, encargados

da coordinación das distintas quendas, podendo exercer un dos capataces de xefe de grupo, e dez peóns, organizaranse en quendas de mañá, tarde e noite, de tal xeito que poidan estar localizables as 24 horas do día para actuar en calquera emerxencia que poida acontecer nas áreas do seu contorno.

A Deputación participará mediante o aboamento dunha subvención ó concello dos gastos de sostemento do grupo por un importe máximo de 45.000,- euros os cales irán destinados a financia-los gastos de nóminas de persoal e material funxible.

O concello, antes da sinatura do convenio, deberá acreditar que está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO

A achega da Deputación Provincial da Coruña aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 0305/223A/46201 do presuposto provincial para o ano 2007.

CUARTA.- PAGAMENTO

Tanto no momento da subscrición como dos aboamentos, o concello deberá acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social mediante a presentación das correspondentes certificacións.

A Deputación aboará o 50%, do total previsto, que ascende a 22.500 euros á sinatura do convenio, co carácter de anticipo que se ha xustificar

Para o aboamento do anticipo do 50 %, é necesario ter xustificados os gastos realizados no exercicio 2006.

O 50 % restante logo da acreditación previa dos gastos realizados e mediante a presentación dos seguintes documentos:

- Certificación expedida polo secretario/interventor do concello no que se detallen os conceptos de gasto e o período de tempo ó que van referidos.
- Certificación acreditativa das subvencións concedidas para o obxecto contemplado no presente convenio, e, en todo caso certificación de que os gastos que se presentan como xustificantes da achega provincial, non foron subvencionados en ningún dos seguintes programas:

Programas dirixidos a concellos para actividades e investimentos durante o 2007.

Convenio de colaboración na Campaña de actuación contra os incendios forestais durante o 2007.

Convenios de Servizos Sociais durante o 2007.

QUINTA.- LÍMITE Á ACHEGA PROVINCIAL. OBRIGAS

No suposto de non xustifica-la totalidade do gasto previsto minorarase a achega da Deputación ata a cantidade xustificada. No caso de que os gastos xustificadas foran superiores, a achega da Deputación non superará a cantidade indicada na segunda cláusula. En calquera caso a cantidade que se ha aboar poderá acadar ata o 100 % do gasto xustificado.

Se se obtiveran subvencións doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto minorarase a achega provincial de tal xeito que as subvencións concorrentes non superen o custo da actividade xustificada polo concello conforme ó establecido na cláusula anterior.

A certificación do gasto deberá ter entrada no Rexistro Xeral da Deputación ata o 30 de xuño do ano 2008, e deberá ser referido a gastos efectuados entre o 1 de xaneiro até o 31 de decembro de 2007

Para o pago dos prazos do convenio o concello deberá acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social mediante a presentación das correspondentes certificacións. Así mesmo deberá estar ó corrente das obrigas fiscais coa Deputación, situación que determinará de oficio a propia Deputación.

O incumprimento das obrigas derivadas do presente convenio dará lugar á súa resolución e no seu caso, a devolución das cantidades percibidas, xunto cos xuros de mora correspondentes.

SEXTA.- NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puideran xurdir en relación con el serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas existentes estarase ó disposto no Texto refundido da lei de contratos, Decreto legislativo 2/2000 do 16 de xuño.

En todo aquilo non previsto no presente convenio estarase ó disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

SÉTIMA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende o primeiro de xaneiro de 2007 e rematará unha vez cumprido o seu obxecto, e en todo caso, o 31 de xullo de 2008

OITAVA.- Resolución do presente convenio

Serán causas de resolución do presente convenio de colaboración as seguintes:

- a. A denuncia de calquera das partes
- b. O incumprimento dalgunha das cláusulas do convenio
- c. O mutuo acordo das partes

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do

En proba de conformidade, ámbalas dúas partes asinan o presente convenio nun só acto e en exemplar cuadruplicado, no lugar e data expresados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DA
CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO
DE

Asdo.: Salvador Fernández Moreda

Asdo.:

A eficacia do presente acordo queda condicionada á acreditación documental de que cada un dos concellos ós que van referidas ás achegas provinciais están o corrente das súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Seguridade Social e mais coa Deputación Provincial.

32.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO BENEFICIARIO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA O FINANCIAMENTO DA "1ª FASE DA CONSTRUCCIÓN DO CLUB DE PIRAGÜISMO E CLUB DE VELA", NO CONCELLO DE PONTEDEUME.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

"A.- Aprobar a modificación do titular da subvención nominativa concedida para o financiamento da "I Fase da construción do Club de Piragüismo e Club de Vela", que será o **Concello de Pontedeume**, así como o convenio que regula as condicións da subvención e a forma de colaboración das dúas entidades, co seguinte texto:

" Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume para o financiamento da "I Fase da construción do "Club de Piragüismo e Club de Vela"

Na Coruña, o

REUNIDOS

Don Salvador Fernández Moreda, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Don Belarmino Freire Bujía, Alcalde Presidente do Concello de Pontedeume

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

1.- Que ambas as dúas partes se recoñecen plena capacidade para outorgar o presente convenio.

2.- Que no Concello de Pontedeume ten a súa sede o Club de piragüismo "Firrete" que é o máis laureado e antigo da provincia nesta modalidade deportiva, con varios campións de España e Europa no seu palmarés; tamén é de destacar o Club de vela "O peixe" que, aínda que é unha entidade máis moderna, ten unha grande importancia para un pobo como Pontedeume, cun alto interese turístico.

Ámbalas entidades ocupan unhas instalacións en precario que non responden ás súas necesidades básicas.

3.- Á vista da situación, o Concello de Pontedeume, en sesión plenaria do 25 de xaneiro de 2007, adoptou o acordo de aprobar o proxecto para a construción do Club de Piragüismo e Club de Vela, redactado polos arquitectos Arturo Franco Taboada e Juan M. Franco Taboada.

4.- Tendo en conta que a Lei galega do deporte establece que lle corresponde ás deputacións provinciais fomentar, promover e difundir a actividade deportiva no seu ámbito territorial, facilitando ó máximo a realización de actividades deportivas, o Pleno desta Deputación, en sesión celebrada o -----, acordou conceder unha subvención nominativa para o financiamento da primeira fase das obras sinaladas.

Dado o interese coincidente da Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Pontedeume, na construción do Club de Piragüismo e Club de Vela, ambas entidades acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é o financiamento da "I fase da construción do Club de Piragüismo e Club de Vela".

A obra realizarase consonte co Proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Arturo Franco Taboada e Juan M. Franco Taboada, cun presuposto de execución por contrata por importe total de 553.999,10 €, correspondéndolle á primeira fase **276.000,00 €**.

O resumo do presuposto desta primeira fase é o seguinte:

* Demolicións e actuacións previas	1.996,31.-
* Movemento de terras	4.629,22.-
* Rede de saneamento horizontal	6.217,89.-
* Cimentación	16.550,24.-
* Estrutura	57.096,17.-
* Fachada	62.376,10.-
* Cuberta	51.075,78.-
Total	199.941,71.-

13% Gastos xerais	25.992,42.-
6% Beneficio industrial	11.996,50.-
16% IVE	38.069,36.-

Total de execución por contrata 276.000,00 €

Segunda.- A Deputación Provincial da Coruña financiará a "**I fase da construción do Club de Piragüismo e Club de Vela**" cunha achega máxima de **90.000 €** como subvención nominativa incluída nas Bases de execución do presuposto de 2007 por acordo plenario do -----.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do **32,61%** dos gastos e será compatíbel coas achegas doutras entidades públicas ou privadas.

Terceira.- Correspóndelle ó Concello de Pontedeume a realización de todos os trámites necesarios para a solicitude da concesión demanial dos terreos nos que se vai realizar a construción e demais concesións necesarias, á contratación das obras, asumindo os gastos de calquera natureza que poida xerar a súa execución.

O Concello de Pontedeume comprométese á obtención de licenzas e autorizacións preceptivas ós efectos de cumprimento da legalidade urbanística, e o respecto e protección do patrimonio histórico-artístico e o medio ambiente.

Consonte coa base 48ª das de execución do presuposto da Deputación para 2007, o Concello de Pontedeume utilizará os Pregos de condicións xerais da Deputación para a contratación das obras.

Cuarta.- En ningún caso o presente convenio suporá relación contractual ningunha entre a Deputación Provincial da Coruña e as persoas físicas ou xurídicas que realicen as actividades obxecto deste.

Quinta.- O Concello de Pontedeume comprométese a destinar os fondos percibidos para o obxecto para o que se lle conceden, podendo comprobar a Deputación Provincial da Coruña o seu cumprimento, cando o estime pertinente.

Asemade o Concello de Pontedeume comprométese á execución da obra na súa totalidade

Consonte co disposto no art. 18.4 da Lei 18/2003, xeral de subvencións e no art. 31 do seu regulamento, no momento do inicio das obras, durante a súa execución e ata a súa recepción, o Concello de Pontedeume deberá ter colocados carteis nos que figure o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e a contía da súa achega.

Asemade, no prego de cláusulas administrativas particulares e nos anuncios de licitación da obra que se publiquen nos diarios oficiais e nos medios de comunicación, farase constar que a obra conta con financiamento provincial.

No caso de que, unha vez rematada a obra, se colocara unha placa conmemorativa, nela deberá facerse constar que dita obra contou con financiamento provincial.

Sexta.- O Concello de Pontedeume comprométese a facilitar, de balde, á Deputación Provincial da Coruña o uso das instalacións do Club de Piragüismo e o Club de Vela para realizar actividades náuticas, por un período máximo de quince días cada ano, despois da solicitude por parte da Deputación cunha antelación dun mes e durante un máximo de dez anos.

Sétima.- A Deputación Provincial da Coruña aboará a súa achega na porcentaxe sinalada na cláusula segunda, nun máximo de tres prazos e logo da presentación previa da seguinte documentación:

* Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención (obtención de licenzas preceptivas, publicidade do financiamento provincial, cumprimento de normas contractuais), con indicación das actividades realizadas e resultados obtidos.

* Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* Acreditación da realización do gasto mediante presentación da seguinte documentación: certificación de obra suscrita por técnico competente.

relación valorada.
factura.
acta de recepción.
acreditación do acordo de aprobación polo órgano
competente.

* Para o último prazo, a certificación de obra acompañarase de acta de recepción da primeira fase da obra, inscrición no Inventario Municipal e, no seu caso no Rexistro da Propiedade, do financiamento obtido e da adscrición do ben á finalidade para a que foi subvencionado, por un período mínimo de cinco anos, de acordo co establecido no art.31.4 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

O Concello de Pontedeume notificaralle á Deputación Provincial da Coruña, cunha antelación de quince días, a data prevista para a formalización da acta de recepción da primeira fase das obras coa finalidade de que, se o presidente da Corporación provincial o considera oportuno, estea presente un técnico da Deputación.

Oitava.- No suposto de que non se xustifique a totalidade do gasto, minorarase a achega da Deputación Provincial da Coruña de acordo coa porcentaxe de financiamento sinalada na cláusula segunda.

O importe que ha aboar a Deputación Provincial da Coruña non superará a cantidade indicada na cláusula segunda, aínda no caso de que os gastos xustificados foran superiores ós presupostados.

No caso de que existan proxectos reformados, modificados, ou liquidacións de obras, o seu financiamento correspóndelle ó Concello, sen prexuízo da súa comunicación á Deputación inmediatamente despois da aprobación polos órganos competentes.

En ningún caso a achega de Deputación Provincial da Coruña, en concorrencia con outras subvencións, poderá superar o importe dos gastos debidamente acreditados.

Novena.- Co fin de establecer un seguimento coordinado da execución do presente convenio, constituirase unha comisión de seguimento formada por dous representantes da Deputación Provincial da Coruña e dous representantes do Concello de Pontedeume.

Décima.- O prazo de vixencia do presente convenio será dun ano a partir da data da súa sinatura, debendo presentarse a documentación xustificativa neste prazo.

O convenio poderá prorrogarse por causas xustificadas, sendo, en todo caso, a data límite de vixencia o 31 de outubro de 2008.

Undécima.- O presente convenio ten natureza administrativa e a xurisdición contencioso administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que puideran xurdir como consecuencia del.

Corresponderalle ó presidente da Corporación provincial a interpretación, modificación e resolución do convenio, despois do informe previo da Comisión de Seguimento.

Para o non previsto neste convenio serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do presuposto xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2007, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu regulamento e no Decreto lexislativo 2/2000 do 16 de xuño.

O presente convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado e, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento. "

B.- Condicionar a modificación de titular proposta á aprobación do expediente de suplemento de crédito no que se conteña o crédito axeitado e suficiente para o seu financiamento, así como á aprobación definitiva da modificación da base 48ª das de execución do presuposto para 2007.”

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. López Crespo

Chégannos ao Grupo Popular chamadas de alcaldes da nosa formación na que nos manifestan a súa preocupación por unha certa, non diría negligencia, certo atraso na chegada aos concellos de persoal técnico de informática da deputación que asesora na posta en funcionamento da aplicación informática, para pechar a conta e todo iso. Entón, nós transmitímolos aquí para que vostedes poidan axilizar a presenza dese persoal e, en xeral, a verdade é que nos falan algo de que o asesoramento a municipios neste momento funciona con algunhas deficiencias, pero ben, fundamentalmente, neste momento, polo que supón de cumprir prazos e iso, o da aplicación informática. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Grazas, Sr. López Crespo. Esa inquietude que vostede expresa, xa é coñecida por parte do goberno provincial, débese a dúas causas, unha de tipo técnico, houbo unha modificación da instrución de contabilidade, que complica o peche de exercicio, e outra de organización interna do traballo dos monitores. Creo que as dúas están

resoltas, houbo certo problema cos monitores á hora de achegarse a facer o que están facendo dende o ano 91, fíxose un plan de traballo e creo que imos poder afrontar o problema con atrasos verbo doutros anos, pero imos deixar o problema resolto. Eu pídolle aos concellos que teñan comprensión, e desculpas, porque si é certo que o exercicio, o peche do exercicio da liquidación deste ano, vaíse facer con certa demora con respecto a outros anos.

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e quince minutos, procedéndose a redacta-la acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o Secretario, dou fe.